

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 2 de maio de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

**NON ASISTE:**

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dezaioito minutos do día dous de maio de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral, Sra. Guamer González, e o Titular da asesoría xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(406).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión do 18 de abril de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(407).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 27.04.05 EN RELACIÓN COS SERVIZOS MÍNIMOS A PRESTAR NO TRANCURSO DA FOLGA DE PERSOAL DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E LIMPEZA VIARIA DE VIGO.**

Dáse conta do Decreto de Alcaldía, de data 27.04.05, sobre o asuntos de referencia, que di o seguinte:

*O exercicio de dereito de folga nas empresas encargadas da prestación de calquera xénero de servizos públicos queda condicionado ó mantemento dos servizos esenciais, tal como establece o art. 1º do decreto 155/88, de 9 de xuño, polo que se dictan normas para garanti-los servizos esenciais no ámbito da comunidade autónoma.*

*O tratarse de servizos municipais a competencia para decretar servizos mínimos correspóndelle á Alcaldesa en virtude do principio de autonomía municipal garantido pola Constitución.*

*Os membros do Comité de Empresa de “Fomento de construcciones y contratas, S.A.”, de Vigo, empresa que ten adxudicado o servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, con data 25 de marzo do ano en*

curso comunica á dirección da empresa o seu propósito de iniciar unha folga indefinida do persoal de dito servizo, a partir do 30 de abril e durante toda a xornada laboral.

Os servizos de recollida de lixo e limpeza viaria teñen carácter de esenciais polos riscos que para a saúde entraña a permanencia dos residuos sólidos, especialmente os orgánicos, nas vías públicas.

A necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento deste servizo esencial, obriga a Alcaldía a fixar uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento do servizo.

Por isto, en uso das facultades que me confire ó Art. 10 do Real Decreto Ley 17/1977 do 4 de marzo, segundo a interpretación efectuada pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional,

#### RESOLVO:

Os servizos mínimos a prestar durante o transcurso da folga de persoal da empresa “Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.”, adscrito ó servizo de recollida de lixo e limpeza viaria de Vigo, comprenderán os que siguen:

- Quenda de mañá:  
A partir das 6,00 horas un camión de carga lateral e outro de carga traseira con 2 operarios para efectuar a recollida do lixo nos hospitais, centros de saúde, centros benéficos e centros de ensinanza con comedor (colexios, garderías e institutos).
- Quenda de tarde:  
A partir das 14,00 horas, un camión con 2 operarios para a recollida de mercados e centros comerciais.

Igualmente durante as 3 quendas de traballo (mañá, tarde e noite) deberá permanecer como retén nas instalacións da concesionaria un camión brigada con 3 operarios para acudir a resolver calquera contratempo que xurda na cidade a instancias da Policía Local ou Nacional, e un mecánico no taller.

A presente resolución notifíquese ó Comité de Empresa de “Fomento de construcciones y contratas, S.A.”, Comité de persoal municipal, Comité de folga, empresa, concesionaria, Xefe da Policía Local, Excmo. Sr. Delegado Goberno da provincia e Xunta de Goberno municipal, os efectos oportunos.

#### Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

### **3(408).- PROPOSTA DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA DE 144.182 € COMO CONSECUENCIA DE DISTINTAS ACTUACIÓN REALIZADAS POLA FUNDACIÓN PROVIGO. EXPTE. 2083/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 28.04.05, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo de Alcaldía, do 25.04.05, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa realizadas pola “Fundación Provigo e a súa área”, e que ascende á cantidade de 438.302,50 euros.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da “Fundación Provigo e a súa área”, (CIF-G36745396), con cargo á partida número 111.0.227.06.03.

3º.- Aprobado o texto do protocolo para a cancelación da deuda pendente do Concello de Vigo coa “Fundación Provigo e a súa área” que se achega, e que ascende á cantidade de 438.302,50 euros.

4º.- Aprobado o gasto de 144.182 euros, en concepto de cancelación de parte da deuda pendente que o Concello de Vigo ten coa “Fundación Provigo e a súa área”, correspondiente ó ano 2005, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.03, “Cota Fundación Provigo”.

5º.- Adoptar o acordo, conforme ó especificado na cláusula quinta do protocolo ó que se fai referencia no punto primeiro desta proposta, de dotar nos orzamentos dos anos 2006, 2007 e 2008 das cantidades suficientes para asumir este compromiso de pago.

*PROTOCOLO PARA O PAGAMENTO DOS COMPROMISOS PENDIENTES DE REALIZACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO COA “FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA”*

*En Vigo, a de maio de 2005.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, a Excm. Sra. Corina Porro Martínez, na súa calidade de Alcaldesa-Presidenta do EXCMO. CONCELLO DE VIGO e na representación desta administración municipal, con CIF P-3605700-H, e domiciliada en Praza do Rei s/n, da cidade de Vigo, CP 36202, que no sucesivo denominarase CONCELLO.*

*Doutra parte, D. Pablo Conde Barreras, na súa calidade de Director Xerente da “FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA”, CIF: G-36745396, con domicilio na Praza de Compostela, nº 22 –baixo–, da cidade de Vigo, CP. 36201, que no sucesivo denominarase “FUNDACIÓN”.*

*MANIFESTAN*

*Que co obxecto de cancelar os compromisos de pagamento adquirido polo CONCELLO coa FUNDACIÓN, debidos a diferentes actuacións e proxectos efectuados por encargo o en colaboración co CONCELLO, dispense o presente Protocolo.*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- Obxecto*

*O presente convenio ten por obxecto a realización do compromiso de pagamento que o CONCELLO ten coa FUNDACIÓN debido a diferentes actuacións dende 1997:*

<i>1. Subvención Exhibición Aérea</i>	<i>12.853,35</i>
<i>2. Subvención PEVA 1997, 1999, 2000 y 2001</i>	<i>240.404,84</i>
<i>3. Subvención I.E.V. 1997 y 2000</i>	<i>72.121,45</i>
<i>4. Parte cuota Membro Fundador 2003</i>	
<i>Financiación parcial Plan</i>	<i>5.061,00</i>
<i>5. Vigo 2010</i>	<i>107.861,86</i>
<i>TOTAL</i>	<i>438.302,50</i>

SEGUNDA.- Pagamento.

O importe total do compromiso de pagamento do Concello é de 438.302,50 euros (catrocentos trinta e oito mil trescentos dous euros con cincoenta céntimos), que se abonarán da seguinte forma:

- 144.182 € (cento corenta e catro mil cento oitenta e dous euros) en 2005.
- 98.040,17 € (noventa e oito mil corenta euros con dezasete céntimos) en 2006.
- 98.040,17 € (noventa e oito mil corenta euros con dezasete céntimos) en 2007.
- 98.040,17 € (noventa e oito mil corenta euros con dezasete céntimos) en 2008.

Consecuentemente, o CONCELLO realizará unha aportación á FUNDACIÓN, CIF.: G-36745396 de 144.182 € (cento corenta e catro mil cento oitenta e dous euros) con cargo a partida presupostaria 111.0.227.06.03 “Cota Fundación Provigo” do orzamento municipal correspondente ó ano 2005; e de 98.040,17 € (noventa e oito mil corenta euros con dezasete céntimos) e cada un dos orzamentos municipais dos anos 2006, 2007 e 2008.

TERCEIRA.- Calendario.

- O pagamento correspondente o ano 2005 efectuarase antes de rematar o mes de outubro de 2005.
- Os pagamentos correspondentes ós anos 2006, 2007 e 2008 efectuaranse durante o primeiro cuatrimestre do ano correspondente.

CUARTA.- Obligacións da FUNDACIÓN

Presentar ante o Concello de Vigo os certificados de estar ó corrente coas obrigación con:

- A.E.A.T. (Agencia Tributaria).
- Tesorería General de la Seguridad Social.
- Tesorería Municipal. Excmo. Ayuntamiento de Vigo.

Aportar a documentación pertinente que acredite o compromiso de pagamento por parte do CONCELLO.

Aportar a documentación pertinente que acredite que o gasto ó que se refire o compromiso do CONCELLO tense realizado efectivamente.

QUINTA.- Obligacións do CONCELLO.

Realizar os pagamentos ós que se fan referencia na cláusula segunda na conta número 2080 0000 73 0040233285 da que é titular a FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF.: G-36745396, nas datas sinaladas.

Queda recollida a obrigación de incluír nos orzamentos municipais dos anos 2006, 2007 y 2008 as partidas referenciadas na la cláusula segunda.

SEXTA.- Vixencia e prorrogabilidade.

O presente Protocolo terá vixencia dende a data da súa asinatura.

Este protocolo prorrogarase durante tres exercicios máis (2006, 2007 e 2008).

SÉTIMA.- Resolución de controversias.

A Xunta de Gobierno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución o interpretación deste Protocolo.

E, en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente documento no lugar e data indicados.

**4(409).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 249/2004 INTERPOSTO POR D.CARLOS COSTAS OITAVEN CONTRA A RESOLUCIÓN DE 25.06.04, DESESTIMATORIA DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 1031860970). ESTIMADO**

Dáse conta da sentenza de data 07.03.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por CARLOS COSTAS OITAVEN contra a resolución de 25.06.04 dictada polo Concelleiro Delegado de Seguridade do Concello de Vigo, desestimatoria de recurso de reposición fronte á dictada no expediente sancionador número 1031860970 (estacionamiento) pola que se impon ao recorrente a sanción económica de 92 €, acto que declaro contrario a Dereito e que anulo sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Seguridade, Circulación e Transportes.

**5(410).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 361/2004 INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. ROSA ANA MARTÍNEZ ARAGUNDE CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 11.10.04, QUE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2003. DESESTIMADO**

Dáse conta da sentenza de data 07.03.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declaro a inadmisibilidade do presente recurso contencioso administrativo interposto por ROSA ANA MARTÍNEZ ARAGUNDE contra o acordo adoptado en data 11.10.04 pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de aprobación da oferta de emprego público de 2.003, pola falla de actividade administrativa susceptible de impugnación en vía xurisdiccional. Sen condena de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento municipal de Persoal.

**6(411).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 262/2004 INTERPOSTO POR D. LUIS ANGEL GONZALEZ MONEDERO CONTRA A RESOLUCIÓN DE 16.07.04, DA TESOURERÍA DO CONCELLO DE VIGO, EN RELACIÓN CO ABOAMENTO DE SANCIÓN DE TRÁFICO. (EXPTE. 9804621).DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 07.03.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por LUIS ANGEL GONZÁLEZ MONEDERO fronte o Concello de Vigo, contra a resolución de 16.07.04 da Tesourería do Concello dictada no expediente 9804621 pola que se dicta dilixencia de constrinximento na conta do recorrente, do importe de 152,67 € trala falla de aboamento voluntario polo mesmo de dita cantidade, consistente na sanción imposta polo Concello de Vigo, pola infracción do artigo 49 da Lei de Seguridade Vial,, acto que declaro conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Recadación Executiva.

**7(412).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO R.C.A. Nº 368/2004 INTERPOSTO POR POMPAS FUNEBRES DE PONTEVEDRA, S.A. CONTRA A RESOLUCIÓN SANCIONADORA DO 06.10.04 POR INFRACCIÓN ORDENANZA FUNERARIA MUNICIPAL (EXPT. 5721/255/03). DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 24.02.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola Entidad Mercantil Pompas Fúnebre Pontevedra S.A., contra a resolución do concelleiro-delegado do Concello de Vigo de data 6.10.04, desestimatoria do recurso deducido contra outra resolución da citada autoridade municipal de data 27 de agosto de 2004, pola que se impón á entidade mercantil recorrente a sanción de multa de 1803,04 € por ser responsable dunha infracción moi grave prevista na Ordenanza xeral reguladora de actividade funeraria no termo municipal de Vigo por considerala conforme a dereito, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Acción Social (Cemiterios e Servizos funerarios).

**8(413).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 242/2004 INTERPOSTO POR D.MARIANO DOMINGUEZ TAPIA CONTRA A DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS PERSOAIS E MATERIAIS. (EXPT. 16.710/240).ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 08.03.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que estimando o presente o recurso contencioso administrativo (P.A. 242/04) interposto por MARIANO DOMÍNGUEZ TAPIA fronte o Concello de Vigo, contra a desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial, declaro dito acto contrario a Dereito, con condea á Administración demandada a aboarlle ao actor a cantidade de 1.436,33 €, en concepto de danos persoais, así como os anos materiais consistentes na reparación da motocicleta, que se acrediten en execución de Sentenza, coa aplicación dos intereses legais correspondentes dende a data da reclamación, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos municipais de Patrimonio e Intervención.

**9(414).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO R.C.A. Nº 248/2004 INTERPOSTO POR POMPAS FUNEBRES DE PONTEVEDRA, S.A. CONTRA A RESOLUCIÓN SANCIONADORA POR INFRACCIÓN Á ORDENANZA FUNERARIA. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 01.04.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación da entidade mercantil “Pompas Fúnebres de Pontevedra S.A.” contra a resolución de 6.10.04 da Alcaldía de Vigo, sobre sanción, que se confirma por ser axustada a dereito. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Acción Social (Cemiterios e Servizos Funerarios).

**10(415).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 03/7521/2001 INTERPOSTO POR PARAMÉS Y ROMERO, S.L. CONTRA ACORDO DE 12.02.01 SOBRE RECLAMACIÓN DO PAGAMENTO DE REPERCUSIÓN TRIBUTARIA EN CONCEPTO DO IVE POR XUSTIPREZO DO INMOBLE SITO NA RÚA DO PRÍNCIPE Nº 54. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 28.02.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso administrativo interposto polo procurador D. JAVIER BEJERANO FERNANDEZ, en representación de D. PARAMES Y ROMERO, S.L. contra acordo da Comisión de Goberno do Concello de Vigo adoptado en sesión de data 05.02.01, desestimatorio da petición formulada pola entidade “PARAMES Y ROMERO, S.L.” sobre a repercusión tributaria polo concepto do I.V.E. , non se fai especial imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**11(416).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 83/2003 INTERPOSTO POR D.F.J. QUIROGA BARCIELA E OUTROS CONTRA A RESOLUCIÓN DO 23.01.03 EN PROCEDEMENTO SANCIONADOR 1170/406 DE CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 16.02.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por ANA MARIA CARBALLAL REGUEIRO e MIGUEL ANGEL LOPEZ BALBIS contra resolución dictada o 23.01.03 polo concelleiro delegado de Infraestructuras e Medio Ambiente do Concello de Vigo no expediente sancionador nº 1170/406/2002, pola que, estimando parcialmente o recurso de reposición interposto contra a resolución de data 27.11.02, que ordenaba a clausura definitiva do negocio de hostelería denominado Pub Axis, sito na rúa Teófilo Llorente nº 16 baixoo e a imposición dunha multa de 60.101,21 €, acorda deixar sen efecto a clausura definitiva do negocio, mantendo a medida provisional do peche ata que se acredite o cumprimento íntegro da normativa sobre ruidos, e reducindo a multa á cantidade de 10.517,71 €, anulada calquera sanción derivada do citado expediente sancionador. Sen custas.

Estimo o recurso contencioso administrativo interposto por FRANCISCO JAVIER QUIROGA BARCIELA contra Resolución dictada o 23.01.03 polo concelleiro delegado de Infraestructuras e Medio Ambiente do Concello de Vigo no expediente sancionador nº 1170/406/2002, pola que, estimando parcialmente o recurso de reposición interposto contra a resolución de data 27.11.02 que ordeaba a clausura definitiva do negocio de hostelería denominado Pub Axis, sito na rúa Teófilo Llorente nº 16 baixo e a imposición dunha multa de 60.101,21 €, acorda deixar sen efecto a clausura definitiva do negocio, mantendo a medida provisional do peche ata que se acredite o cumprimento íntegro da normativa sobre ruidos, e reducindo a multa á cantidade de 10.517,71 €, anulada calquera sanción derivada do citado expediente sancionador. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Medio Ambiente..

**12(417).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 241/2004 INTERPOSTO POR D.RAMON SEOANE VAZQUEZ CONTRA A RESOLUCIÓN DE 02.06.04, DESESTIMATORIA DO REC. REPOSICIÓN EN RELACIÓN CON SANCIÓN EN MATERIA DE CONTAMINACIÓN ACÚSTICA AO RECORRENTE COMO PROPIETARIO DO BAR RINCÓN (EXPTE. 1397/306). ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 08.03.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

*Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por RAMON SEOANE VAZQUEZ fronte o Concello de Vigo contra a resolución dictada polo concelleiro Delegado de Medio Ambiente do Concello de Vigo, de data 02.06.04 desestimatoria do recurso de reposición fronte á de 23.08.03*



*da mesma Concellería emitida no procedemento sancionador en materia de contaminación acústica, expediente número 1397/406/2002, aberto ao recurrente na súa condición de titular do Bar Rincón, acto que declaro contrario o Dereito, sen imposición de custas.*

Así mesmo, dáse conta do auto de data 11.04.05, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, sobre corrección de erros do fallo da devandita sentenza, que di o seguinte:

*Corríxese a data da resolución que figura no fallo da sentenza substituíndoa pola de 23.09.03 e se complementa a sentenza no sentido de incluír a condea á Administración demandada á devolución do importe da sanción xa aboado, 1.504,54 €.*

*Non ha lugar á aclaración do resto de extremos interesados no escrito do letrado Sr. Taibo Barciela.*

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza e do auto, dos que deberá darse conta aos departamentos de Medio Ambiente e Intervención .

**13(418).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5199/2001 INTERPOSTO POR D.JUAN JOSE LAGO GOMEZ E OUTRAS PERSOAS CONTRA A REVOGACIÓN DE ADXUDICACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE PEREIRÓ (EXPTE. 4796/255-01). DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 07.04.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso administrativo interposto por JUAN JOSE LAGO GOMEZ, JORGE e MARIA JOSE A. e JAVIER LAGO SUAREZ e MARIA ADELINA SUAREZ MEDAL contra acordos de 28.05.01, polas que se revocan as adxudicacións dos nichos números 425, 426, 427, 428 y 429 do Cemiterio de Pereiro, expte. 4796/255-01, sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Cemiterios (Acción Social).

**14(419).-AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 264 INTERPOSTO POR GE CAPITAL LARGO PLAZO, S.L. CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 1039798741). DESESTIMENTO.**

Dáse conta do auto de data 14.03.05 dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter ao letrado JULIO PEREZ ALVAREZ, en nome e representación da entidade GE CAPITAL LARGO PLAZO, S.L., por desistido na prosecución do presente procedemento. Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido deste auto, do que deberá darse conta ao departamento de Seguridade e Mobilidade.

**15(420).-AUTO DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC. CASACIÓN Nº 6797/02 INTERPOSTO POR ALCAMPO, S.A. CONTRA SENTENZA DO TSXG SOBRE LIQUIDACIÓN DE IAE. INADMISIÓN DO RECURSO.**

Dáse conta do auto de data 17.03.05 dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo no recurso de referencia, interposto contra setenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimatoria do recurso 9180/98 interposto pola representación procesual de Alcampo S.A. contra a resolución da Comisión de Goberno do Concello de Vigo de 19.06.1998, que confirmou as súas propias resolucións de 12 e 17 de marzo anterior, aprobatorias de sendas liquidacións xiradas en concepto de IAE relativas aos exercicios de 1996 e 1997 que derivan das actas nº 84 e 85 de 29 de decembro de 1997 levantadas pola Inspección de Tributos do Concello de Vigo e referidas a dous centros distintos situados no municipio de Vigo onde a recorrente desenvolve a actividade de hipermercado. O auto falla o seguinte:

Declarar a inadmisión do recurso de casación interposto pola representación procesual de “Alcampo, S.A.” contra a Sentenza de 02.06.03, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso nº 9180/98, resolución que se declara firme, coa imposición de custas causadas neste recurso á parte recorrente.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido deste auto, do que deberá darse conta ao departamento da Inspección de Tributos e a Administración de Tributos.

**16(421).-AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 292/2004 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA CONTRA A DESESTIMACIÓN PRESUNTA REQUERIMENTO FORMULADO CONTRA LIQUIDACIÓN DO IBI 2001-2002 RELATIVO AO INMOBLE SITO NA RÚA CARBALLAL-CABRAL 60. REMATADO O PROCEDEMENTO.**

Dáse conta do auto de data 10.03.05 dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Se declara rematado o presente procedemento interposto pola XUNTA DE GALICIA contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual. Arquívase o actuado tomándose nota nos libros rexistro de este Xuzgado, procédase á devolución do expediente administrativo á demanda. Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido deste auto.

**17(422).-PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE APOIO AOS MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO. EXPTE. 11335/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.04.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 8.04.05, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, a delegada da Área de Participación Cidadá e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa asociación plan comunitario de Teis para o desenvolvemento dun proxecto de atención ó menor para nenos e nenas de sete a doce anos do barrio de Teis, dentro do Servizo de Infancia e Familia.

2º.- Aprobar o gasto de 9.021,57 (nove mil vinteún euros con cincuenta e sete céntimos de euro), cantidade que cubrirá os custos do proxecto neste ano 2005, sendo o importe total do citado convenio. Faráse con cargo á partida 313.0.226.06.08. de Benestar Social ou a súa bolsa de vinculación.

3º.- Delegar a competencia de asinar o Convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Plan Comunitario de Teis para o desenvolvemento dun proxecto de apoio ao menor en Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada de Participación Cidadá.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA UN PROXECTO DE ATENCIÓN Ó MENOR EN TEIS*

Vigo, de de 2005

*REUNIDOS*

*Dunha parte:*

*Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada da Area de Participación Cidadá do Concello de Vigo, nomeada por Resolución de Alcaldía de data 21 de febreiro de 2005.*

*doutra*

*D. Eduardo García Crespo, con DNI. 36046911 - T, presidente do Plan Comunitario de Teis, elixido en Asemblea Xeral de 25 de setembro de 2003 e segundo consta no artigo 30º dos estatutos da asociación, que lle atribúen a representación pública do mesmo.*

*Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas*

*EXPOÑEN*

*1.- Que as accións desenvolvidas para a atención dos menores en situación de risco dende equipos multidisciplinares, relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.*

*O Concello de Vigo, diante desas necesidades, relacionadas coa problemática que se amosa na escola, lugar onde se manifestan non só os problemas de tipo educativo, senon tamén familiares e de relación, ten iniciado accións para atender aquelas.*

*Evita-la inadaptación e a exclusión social, artellando a incorporación dos menores con procesos de socialización deficitarios á estrutura social, ten sido un obxectivo primordial no deseño e posta en marcha de proxectos como o que se está a desenvolver con aqueles dende esta concellería.*

*Artellar unha estrutura que atenda a problemática dos menores , tanto a vivida ou sentida como a provocada en terceiros, ten sido un obxectivo prantexado coa posta en marcha do proxecto referido. Precísase nembargantes, desenvolver estruturas complementarias mediante proxectos que consoliden o labor iniciado cos menores.*

*2.- As accións de carácter preventivo centradas na inadaptación social, en concreto as dirixidas ós máis pequenos, téñense amosado como eficaces. Por esta razón, a experiencia desenvolvida dende a administración e dende outras entidades de participación centradas no traballo na comunidade, fan pensar na necesidade de continuar con elas.*

*3.- A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes, no canto ós dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificado polo Reino de España.*

*4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e a adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.*

*5.- A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, dí que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.*

*6.- A Lei 3/1997, de 9 de xuño, Galega da Familia, da Infancia e da Adolescencia, di no seu artigo 3º, principios rectores, no canto á primacía do interese do neno e a nena e do/da adolescente sobre calquera outro (apartado 3) e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicas, privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia, á infancia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social (apartado 9).*

*7.- No artigo 7 da Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia, sobre Drogas, en referencia ó establecemento de programas preventivos de carácter comunitario, dise que a fin do establecemento dos mesmos, faise coa fin de “incrementa-la solidariedade social e unha valoración positiva da saúde e benestar individual e colectivo, potenciando a diminución de desigualdades sociais e factores de marxinación favorecedores do consumo de drogas”*

*8.- Nos estatutos da Asociación Plan Comunitario de Teis, no artigo 5º, fanse constar entre os obxectivos a acadar: “a) fomentar a interacción no barrio de tódolos sectores sociais”; “e) desenvolver proxectos e actividades tendentes á potenciación da saúde, educación, cultura...” e benestar”; “f) fomenta-la participación cidadá na resolución dos problemas que lles afecten”; “g) realizar todo tipo de intervención llexítima para mellora-la calidade de vida dos cidadáns”.*

*9.- O Concello de Vigo reconece á Asociación Plan Comunitario de Teis, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, amosado nas desenvolvidas con anterioridade en colaboración con ésta, e pola súa participación en proxectos conxuntos con esta administración (como o Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo) valoradas técnicamente polo persoal municipal.*

*10.- Este Convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 13/95, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas.*

*e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar-las accións motivo de convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes*

## CLAUSULAS

*Primeira : Obxecto - O obxecto do presente convenio é a colaboración para o desenvolvemento dentro do Servizo de Infancia e Familia, dun proxecto complementario de atención aos menores, (na liña do convenio asinado con anterioridade), de intervención psicosocial para nenos e nenas de sete a doce anos do barrio de Teis. Estes nenos presentan graves problemáticas sociofamiliares (malos tratos, desestructuración familiar, absentismo escolar, problemas psicolóxicos, coidados e atención inaxeitados, etc) e polas súas características especiais necesitan unha atención e apoio específico. Son beneficiarios do programa de Infancia e Familia que desenvolve o Departamento de Benestar Social.*

*Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é desenvolver polo período de tempo que abarca o presente ano 2005, unha serie de actividades centradas no apoio educativo, apoio escolar e de integración nas actividades de lecer dos nenos e nenas destinatarios do proxecto.*

*Terceira : Funcións - As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido do traballo cos nenos e nenas, en particular no canto á prevención e tratamento das condicións de inadaptación e/ou violencia nos máis novos e seu entorno inmediato, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de proxectar, desenvolver e avaliar, as accións motivo do convenio.*

*A Asociación Plan Comunitario de Teis, será a encargada de organizar, desenvolver, avaliar, e cantas outras medidas sexan necesarias para a realización das accións conveniadas.*

*Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros necesarios, supervisa-lo cumprimento das fins do proxecto, e facilita-la realización das accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.*

*Cuarta : Destinatarios - serán destinatarios do proxecto os menores que conforman o grupo de risco determinado polo equipo de intervención do Servizo de Infancia e Familia, como grupo prioritario, podendo cubrirse as prazas vacantes por outros nenos e nenas da zona e que no sexan, necesariamente, derivados polo Servizo de Infancia e Familia do Concello de Vigo.*

*Quinta : Duración - terá vixencia durante o presente ano 2005.*

*Sexta : Condicións económicas - as condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 9.021,57 (nove mil vinte e un con cincuenta e sete céntimos) euros, con cargo á partida partida 313.0.226.08.06. Programa Menores-Convenio Infancia de Benestar Social, o a súa correspondente bolsa de vinculación.*

*O prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.*

*Sétima : Relación contractual - a sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.*

*Oitava : Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo e para a resolución de controversias nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante.*

*Novena : Difusión do proxecto - a difusión do proxecto será por conta exclusiva do Concello de Vigo, excepto o que se indica na cláusula decimoterceira.*

*Décima : Avaliación e control do proxecto - a entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.*

*A Asociación Plan Comunitario de Teis, comprométese a facer avaliación e memoria de cada unha das accións motivo de convenio, así como unha memoria e avaliación final.*

*Undécima : - Polo presente Convenio, a Asociación Plan Comunitario de Teis, comprométese a:*

*a – Desenvolve-las actividades, proxectos, ou accións que se especifican no anexo, (discutidos previamente por persoal técnico das entidades), atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.*

*b – Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.*

*c - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio, e segundo se especifica no anexo.*

*d - Presentar ó Concello informes do desenvolvemento das accións, de avaliación e un informe de avaliación final completo.*

*e - Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.*

*f – Dispo-los medios para que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.*

*g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.*

*h – Atende-las indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.*

*i - Aterse ás datas e condicións marcadas nos anexos.*

*k - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.*

*l – Incluí-lo escudo e imaxe do Concello de Vigo en toda publicidade ou documentación relacionada con este proxecto.*

*Duodécima: - O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:*

a – *Garanti-la prestación adecuada das actividades e servicios motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.*

b – *Articula-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións.*

c – *Dispo-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades que lle corresponden segundo o proxecto.*

#### *Normas Complementarias:*

*Decimoterceira: - A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada polo Concello de Vigo, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.*

*Decimocuarta: - Tódolos materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto serán aportados pola entidade que desenvolve as accións, a Asociación Plan Comunitario de Teis, excepto nos casos nos que sexa o Concello quen realice dita aportación, e como acordo entre as partes.*

*Así mesmo, por acordo expreso das partes asinates do presente convenio, poderá contarse coa colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, tanto polo que respecta a recursos humanos como técnicos ou de outro tipo.*

*Dita colaboración, (non puntual), deberá ser recollida nunha Addenda anexa ó presente convenio, coa conformidade dos asinantes do mesmo, e recollendo expresamente as condicións que sexan necesarias.*

*Decimoquinta: - O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.*

#### *Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:*

*Decimosexta - Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.*

*Decimosétima - O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.*

*De se-la Asociación Plan Comunitario de Teis a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento do cancelamento.*

#### *Presuposto, pago e xustificación:*

*Decimoitava – O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un total de 9.021,57 (nove mil vinteún con cincuenta e sete céntimos) euros, presuposto total do convenio, con cargo á partida 313.0.226.08.06. do Programa Menores – Convenio Infancia de Benestar Social o a súa correspondente bolsa de vinculación. Con esta cantidade cubriranse os custos neste ano, de acordo coa proposta presentada polo P.C. Teis.*

*Decimonovena - o prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún. Polo que respecta ás cantidades destinadas a cada acción, ás que se fai referencia no anexo, poderán ser modificadas por acordo da Comisión de Seguimento e sen que supoña, en ningún caso, incremento do prezo total indicado.*

*Vixésima – Con referencia ó pagamento das cantidades acordadas como presuposto do proxecto motivo do presente convenio, o Concello de Vigo, en calidade de entidade financiadora aboará á entidade prestadora do servizo (Asociación Plan Comunitario de Teis) unha cantidade inicial de 4.510,78 (catro mil cincocentos dez euros con setenta e oito centimos de euro), 50% do total, ó inicio do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das accións.*

*O resto do importe da cantidade presupostada, 4.510,79 (catro mil cincocentos dez euros con setenta e oito centimos de euro), 50% restante, será abonado en dous prazos.*

*O correspondente ó segundo pago de 2.255,40 (dous mil douscentos cincuenta e cinco euros con cuarenta céntimos de euro), o 25% do total, será tramitado unha vez que se teñan desenvolvido a metade das accións correspondentes, debendo ser certificado polo responsable técnico municipal encargado do proxecto.*

*O terceiro e derradeiro pago da cantidade restante, 2.255,39 euros, (dous mil douscentos cincuenta e cinco euros con trinta e nove céntimos de euro), o 25% restante, será tramitado unha vez sexa certificado polo responsable técnico municipal a realización do proxecto.*

*Vixésimoprimeira - a xustificación do gasto farase mediante a presentación das facturas e xustificantes por parte da entidade executora (Asociación Plan Comunitario de Teis) ó Concello de Vigo, ó persoal técnico designado como responsable do proxecto.*

*Vixencia:*

*Vixésimosegunda - O presente convenio comprenderá o ano 2005 e estará vixente ata o 31 de decembro de 2005.*

*De acordarse a continuación da colaboración entrambas entidades asinantes no proxecto motivo de asinatura do presente convenio, só será preciso a redacción, trámite, aprobación e sinatura dun novo convenio, no caso de que se afecte ós contidos do presente de xeito significativo. De non ser así, bastará coa sinatura dunha Addenda tras de ser realizado-los trámites administrativos necesarios.*

*Así mesmo, e como aparece recollido na cláusula decimocuarta, por acordo expreso das partes asinantes do convenio, a colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, deberá ser recollida nunha Addenda anexa.*

*Acordo final:*

*Vixésimoterceira - Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Plan Comunitario de Teis, poderá ter algunha ampliación nos contidos, persoal asistente, etc., de acordarse así polos asinantes a traveso da Comisión de Seguimento.*

*Deberá facerse constar nun anexo, informado debidamente polos técnicos competentes das entidades, e sen que supoña aumento das cantidades conveniadas ou modificación dos contidos fundamentais de aquél. Todo elo sen que sexa preciso a asinatura dun novo convenio, excepto no especificado na cláusula vixésimosegunda.*

*Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de de dous mil cinco.*



**18(423).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: EXPTE. 14/1109/05,14/739/05,14/915/05, 04/366/05, 21/798/05, 13/861/05, 21/573/05, 02/1232/05, 14/737/05, 03/801/05, E 03/353/05.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 21.04.05, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- Domingo Barros Carrera. Expte. 14/1109.
- Benjamín Nieto Gómez. Expte. 14/739.
- Dolores Casal Fernández. Expte. 14/915.
- Leonor Durán Domínguez. Expte. 04/366.
- Enrique Braña Rey. Expte. 21/573.
- Balbina Núñez Fernández. Expte. 02/1232.
- María Teresa Otero Farrapeira. Expte. 03/801.
- Elisa Rivada Fernández. Expte. 14/737.
- Lucinda Rial Valverde. Expte. 03/353.

b) Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- Raúl González Centeno. Expte. 21/798.
- M<sup>a</sup> Luisa Pantín Comadira. Expte. 13/861.

**19(424).- SOLICITUDE DA ANPA PÁRROCO D. CAMILO DO CEIP JOSEFA ALONSO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR “XXI CROSS ESCOLAR PÁRROCO D. CAMILO” NO RECINTO DO COLEXIO E ARREDORES O 08.05.05. EXPTE. 5214/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.03.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a ANPA do CEIP Párroco D. Camilo a organizar o vindeiro día 8 de maio de 2005 a XXI edición do Cross Escolar Párroco D. Camilo, carreira na que participarán alumnos de diferentes colexios de Vigo e a súa comarca de distintas categorías, no recinto do colexio e arredores a partir das 10.00 h.

**20(425).- SOLICITUDE DAS APAS DO CEIP IGREXA VALLADARES E IGREXA INFANTIL DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR O “CROSS ESCOLAR IGREXA-VALLADARES” NO RECINTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE A GÁNDARA E ARREDORES, O 15.05.05. EXPTE. 5230/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.04.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar as APAS do CEIP Igrexa Valladares e Igrexa Infantil a organizar o vindeiro día 15 de maio de 2005 a XXV edición do cross escolar Igrexa Valladares, carreira na que participaran alumnos de diferentes colexios de Vigo e a súa comarca de distintas categorías, no recinto do campo de fútbol de A Gándara e arredores dende as 10:00 h. as 13:30 h.

**21(426).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE SÁNCHEZ ALVAREZ S.L. CONSTITUÍDA POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA LUIS TABOADA 13. EXPTE. 70880/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 21.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal se proceda á devolución do aval constituído en data 8 de febreiro de 2005 por SANCHEZ ALVAREZ, S.L, con CIF B-36.012.540, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa LUIS TABOADA, 13, por non producirse danos.

**22(427).-DEVOLUCIÓN DE AVAIS CONSTITUÍDOS POR EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A. PARA RESPONDER DE OBRAS DE INSTALACIÓN SEMAFÓRICAS E INSTALACIÓN DE CAMARAS CCTV. EXPTE. 70922, 70923, 70924, 70926, 70929, 70930 DE 210.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, conformados polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Expte 70923/210

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval de MAPFRE constituído en data 7 de febreiro de 2003 por EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., con NIF A-15032725, por un importe de 959.33 € en concepto de garantía definitiva para responder das obras de instalación dunha cámara CCTV na rotonda de Isaac Peral / García Barbón (expte 68359/210-02), adxudicadas a dita empresa pola Comisión de Goberno, en sesión ordinaria de 23 de decembro de 2002, por haber sido executadas e finalizado o prazo da garantía definitiva.

b) Expte. 70922/210

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval de MAPFRE constituído en data 7 de febreiro de 2003 por EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., con NIF A-15032725, por un importe de 971.18 € en concepto de garantía definitiva para responder das obras de instalación semafórica na Avda de Galicia coa Avda Marina Española (expte 68336/210-02), adxudicadas a dita empresa pola Comisión de Goberno, en sesión ordinaria de 23 de decembro de 2002, por haber sido executadas e finalizado o prazo da garantía definitiva.

c) Expte. 70924/210

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval de MAPFRE constituído en data 30 de abril de 2003 por EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., con NIF A-15032725, por un importe de 1.048.87 € en concepto de garantía definitiva para responder das obras de instalación semafórica na rúa Uruguai con República Arxentina (expte 68497/210-03), adxudicadas a dita empresa pola Comisión de Goberno, en sesión ordinaria de 24 de marzo de 2003, por haber sido executadas e finalizado o prazo da garantía definitiva.

d) Expte. 70926/210

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval de MAPFRE constituído en data 30 de abril de 2003 por EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., con NIF A-15032725, por un importe de 1.107,25 € en concepto de garantía definitiva para responder das obras de instalación semafórica no cruzamento da Avda da Florida coas rúas Eugenio Kraff e Xosé Gil (expte 68496/210-03), adxudicadas a dita empresa pola Comisión de Goberno, en sesión ordinaria de 24 de marzo de 2003, por haber sido executadas e finalizado o prazo da garantía definitiva.

e) Expte. 70929/210

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval de MAPFRE constituído en data 30 de abril de 2003 por EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., con NIF A-15032725, por un importe de 879.02 € en concepto de garantía definitiva para responder das obras de instalación dunha cámara CCTV na Praza de Eugenio Fadrique (expte 68495/210-03), adxudicadas a dita empresa pola Comisión de Goberno, en sesión ordinaria de 24 de marzo de 2003, por haber sido executadas e finalizado o prazo da garantía definitiva.

f) Expte: 70930/210

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval de MAPFRE constituído en data 30 de abril de 2003 por EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., con NIF A-15032725, por un importe de 1.611.49 € en concepto de garantía definitiva para responder das obras de instalación semafórica na rúa Gran Vía coa rúa Brasil (expte 68494/210-03), adxudicadas a dita empresa pola Comisión de Goberno, en sesión ordinaria de 24 de marzo de 2003, por haber sido executadas e finalizado o prazo da garantía definitiva.

**23(428).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN XUVENIL NO PARQUE DO CASTRO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1284/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación por concurso da asistencia técnica para o desenvolvemento dun programa de dinamización xuvenil do Parque do Castro do Concello de Vigo, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude do 22.03.05, o informe xurídico de data 15.04.05, o prego de cláusulas administrativas para a contratación de dito servizo, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación con data 18.04.05, e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, de 6.04.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 60.000 euros/ano para a contratación da asistencia técnica para a dinamización xuvenil no Parque do Castro que se imputarán á partida 452.0.227.06.06 do presuposto do ano 2005 e seguintes.

2º.- Aprobar os pregos de condicións técnicas e administrativas para a contratación da asistencia técnica para a dinamización xuvenil no Parque do Castro .

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**24(429).- SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ROSARIO GONZÁLEZ RIVEIRO DE BAIXA NO INVENTARIO DE BENS INMOBLES DE TERREO SITO EN BEMBRIVE. EXPTE. 17168/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 15.04.05, sobre o asunto de referencia, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D<sup>a</sup> María Rosario González Riveiro achega escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de decembro de 2004, formulando reclamación administrativa previa, referente a dominio de terreo en Bembrive, e solicitando baixa no Inventario de Bens inmobles por figurar como camiño público.*

*O Arquitecto municipal, tras xirar visita de inspección, presenta informe en 28 febreiro 2005, no que expón que o camiño está afectado na súa totalidade polo viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Consonte o disposto no artigo 79.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local son bens de dominio público os destiñados á uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 3 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais como bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local.*

*Segundo.- A finca obxecto de reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.*

*Terceiro.-A finca resulta afectada polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, segundo resulta do informe técnico citado, e dacordo co establecido no Acordo Plenario de data 30 de novembro de 1994 todos os expedientes de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.*

*Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local, dacordo co disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo*

“Desestimar a solicitude, de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario González Riveiro, de baixa no Inventario Municipal de Bens e Inmobles Municipais, o tratarse dunha vía pública, e estar afectada na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **25(430).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR INTERPARKING HISPANIA S.A. CONTRA ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DO 29.07.02 SOBRE OBRA DE MANTEMENTO DOS APARCAMENTOS DA PRAZA DE PORTUGAL E PORTE DO SOL. EXPTE. 14714/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 15.04.05, sobre o asunto de referencia, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*Primeiro.-O Pleno do Concello en sesión de 29 de xullo de 2002 acordou requirir á Interparking Hispania, S.A., concesionaria dos aparcamentos públicos da Praza de Portugal e Porta do Sol, desta cidade, para que no prazo improrrogable de 15 días procedese a presentar proxecto e orzamentos previos á execución de obras de conservación dos aparcamentos públicos da Praza de Portugal e Porta do Sol que comprendesen a totalidade de reparacións à que fai mención o Sr. Enxeñeiro municipal nos seus informes de 2 de xaneiro e 27 de maio de 2002.*

*Segundo.-A Sociedade Interparking Hispania, S.A. remite con data 12 de setembro de 2002 proxectos de remodelación dos aparcamentos subterráneos da Porta do Sol e Praza de Portugal redactados polo enxeñeiro de camiños D. Luis Antonio Serrano Blanco e outros técnicos. Así mesmo, con data 1 de outubro de 2002, interponse pola concesionaria recurso de reposición contra o acordo plenario de 29 de xullo de 2002 e no que manifesta que coa presentación dos proxectos referidos se teña por cumprido o requirimento feito, reiterando a ausencia da obriga de realización de determinadas obras, ás que xa fixo referencia anteriormente na instrucción do expediente, e solicitando o recoñecemento a unha compensación por asumir dita execución e sen imposición de ningunha sanción.*

*Terceiro.-Remitidos os proxectos presentados e alegacións formuladas pola recorrente para informe do enxeñeiro municipal, emítese por éste en data 19-novembro-2002, no que ven a sinalar o seguinte:*

- *En canto a cuestión presentada referente á impermeabilización dos aparcamentos, informa o técnico municipal que, “ A miña aseveración de que os proxectos presentados non recollen a renovación de impermeabilización de cubertas, paramentos e xuntas de dilatación, partida básica para a adecuada conservación dos aparcamentos”, é correcta, a pesar do que afirma a Sra. Mijanjós Fernández, xa que a cita reférese a forxados de cuberta e os muros achegados as terras do subsolo. No caso do aparcamento de Porta do Sol, aténdonos o que recolle a Memoria na súa páxina 4 ... “La ausencia de juntas de dilatación estancas en la urbanización de la plaza provoca una filtración continua de agua con el consiguiente perjuicio para la estructura. Por lo que por ahora sólo se puede proceder a la reparación de las juntas de dilatación interiores del aparcamiento, dado que la reparación de las juntas del forjado de cubierta no se podrá realizar hasta que el ayuntamiento levante las zonas correspondientes de la urbanización de la plaza....”*

*É evidente que o proxecto presentado non recollía o levantamento do pavimento onde fixera falta reparar e selar as zonas de paramentos ou cubertas danadas.*

*En canto ò aparcamento da Praza de Portugal, se ben e certo que o proxecto incluía a partida de impermeabilización da cuberta da praza por 67. 543,50 €, non acontecía o mesmo co levantamento previo e*

reposición posterior da praza que non se presupostaba, o que facía imposible a execución de dita partida de impermeabilización da cuberta.

- Os proxectos non están visados polo Colexio Oficial que corresponde.
- O proxecto de Porta do Sol non recolle a impermeabilización da cuberta e dos trasdós dos muros. Non obstante, o estar na súa maior parte baixo de pavimento de aglomerado asfáltico, de por sí impermeable, o Director das Obras mediante actuacións localizadas, pode quizais minimizar as filtracións actuais, mentras se executan as obras proxectadas.
- No resto, en xeral, os proxectos recollen as obras requeridas no acordo plenario de data 25-02-2002, sen rexeitar a posibilidade de que surxan vicios ocultos, mentres se executan as reparacións proxectadas.

Cuarto.-Por todo anteriormente exposto, e a teor dos antecedentes do acordo recorrido e o informe técnico citado, cabe deducir que carecen de fundamento as alegacións formuladas pola recorrente no seu escrito, xa que no que respecta ás súas obrigas contractuais é esta unha cuestión plantexada anteriormente pola mesma e que foi debidamente respostada no informe que deu lugar o acordo e reflectido nos seus antecedentes, vindo corroborada dita obriga recentemente por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 17 de novembro de 2004, recaída no recurso contencioso presentado pola concesionaria contra o acordo municipal para acometer obras de conservación no aparcamento da Porta do Sol.

En dita resolución xudicial, sinálase, no seu fundamento xurídico cuarto, que “es evidente que la entidad concesionaria no realizou, durante los treinta años que llevaba como titular de la concesión administrativa obra alguna de mantenimiento, adecuación y conservación de las instalaciones del Parking lo que implica un natural agotamiento de los materiales, en el que han incidido, además, defectos de construcción. De nada vale argüir que anteriormente la entidad recurrente había ofrecido al Ayuntamiento la posibilidad de estudiar una reforma y mejora del aparcamiento, por cuanto tal posibilidad se ofertaba como contrapartida a una prórroga de la concesión cuando era obligación del concesionario la labor de mantenimiento del mismo. ... el aspecto general de abandono que denotan las instalaciones del Parking revelador de la incuria de la concesionaria y del prolongado paso del tiempo con el consiguiente deterioro de los elementos constructivos y de ornato, lógico si, como veíamos, en treinta años, no se abordó ningún trabajo de conservación o reparación en claro incumplimiento de las obligaciones que para el concesionario nacen de la propia concesión administrativa”.

Quinto.- Finalmente cabe concluir, en canto o que atinxe ós proxectos de remodelación de aparcamentos presentados pola concesionaria, que do informado polo técnico municipal, éstos non abarcan a totalidade das obras que lle foron requeridas, se ben contemplan parte das mesmas, adolecendo por outra banda de defectos formais ó non estar visados por Colexio profesional.

Conseguentemente resulta inadmisíbel a pretensión da recorrente de estimar cumprido cos proxectos presentados, o requerimento que se lle fixo por esta administración, en tanto en canto non proceda a subsanación dos defectos informados sobre a falta de partidas correspondentes ás obras de impermeabilización, e o seu visado polo Colexio profesional pertinente.

Sexto.- Resulta competente para a adopción do correspondente acordo resolutorio do recurso formulado pola concesionaria Interparkin Hispania, S.A. contra o acordo do Pleno municipal do 29 de xullo de 2002, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no art. 127. 1.f. da Lei 7/85 do RBRL trala modificación operada por Lei 57/2003 modernización do Goberno Local.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local como órgano competente para súa resolución a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Interparking Hispania S.A. contra o acordo do pleno municipal de 29 xullo 2002 ó non resultar desvirtuados os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.

2º.- *Requerir a Interparking Hispania S.A. para que no prazo de 15 días remita os proxectos de remodelación dos aparcamentos de Praza de Portugal e Porta do Sol de data 12 de setembro de 2002 (redactados polo Enxeñeiro de Camiños D. Luis Antonio Serrano Blanco, Enxeñeiro Industrial D. Antonio Reboreda Martínez, o Arquitecto D. Ramón Reboreda Martínez, e o Enxeñeiro Técnico Industrial D. Luis Durán Ageitos), modificados no senso de contemplar as obras e partidas correspondentes á impermeabilización dos aparcamentos, e visados polo correspondente Colexio oficial, dacordo co informado polo enxeñeiro municipal.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **26(431).-CORRECCIÓN MATERIAL DE ERRO NA GRAFÍA EXISTENTE NA PLANIMETRÍA DE VIAIS DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS RELATIVO AO TRAMO FINAL DO RAMAL 3 DE FONTE OSCURA. EXPTE. 17086/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 19.04.05, sobre o asunto de referencia, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*Por Dª Enriqueta González Troncoso en data 17 de setembro de 2004 solicítase a corrección da planimetría de viais públicos eliminando o grafismo dos últimos 10 metros no tramo final do Ramal 3 de Fonte Oscura, xa que dacordo coa súa escritura de propiedade e a folla de características do Inventario dito ramal non discorre a través da súa propiedade.*

*Segundo informe do Arquitecto municipal de Patrimonio, sinálase que, dacordo cos datos que obran nas follas de características do ramal 3 de Fonte Oscura no Inventario municipal, éste figura con unha lonxitude de 40 mts. que é a distancia aproximada entre o linde Oeste da propiedade ata o camiño, véndose afectada en 10 mts. segundo a grafía da planimetría de viais, considerando procedente a corrección proposta eliminando dita grafía nos 10 últimos metros no ramal 3 de Fonte Oscura.*

*Considerando que no presente caso atopámonos nun suposto de discordancia entre os datos que constan nas fichas de características técnicas referentes a dito camiño e a súa reflectación gráfica na planimetría que responde á un simple erro de rotulación, resulta de aplicación o previsto no Art. 105.2 da Lei 30/92 do RXAP e PAC conforme as administracións públicas podrán rectificar en calquer momento de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Aprobar a corrección material dun erro na grafía existente no plano da planimetría de viais do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, eliminando o grafismo dos 10 metros finais do ramal 3 Fonte Oscura.*

*2º.- Dar traslado do presente acordo ó Pleno municipal na rectificación anual do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(432).-PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO PRAZO MÁXIMO DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL EN 6 MESES. EXPTE. 573/243.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 22.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Dado o elevado número de reclamacións de responsabilidade patrimonial que se formulan ó Concello de Vigo e ó limitado dos recursos humanos dispoñíbeis na Unidade de Patrimonio para a súa tramitación, faise inviábel resolvelas no prazo de 6 meses previsto no artigo 42.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRXAP), polo que resulta aconsellábel ampliar o prazo de resolución de acordo co previsto no artigo 42.6 da Lei 30/1992, que dispón que “Excepcionalmente, poderá acordarse a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación mediante motivación clara das circunstancias concorrentes..... De acordarse a ampliación do prazo máximo, este non poderá ser superior ó establecido para a tramitación do procedemento”.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:*

*“Ampliar o prazo máximo de resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial en 6 meses, consonte o disposto no artigo 42.6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda ampliar o prazo de resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial tal e como se recolle na proposta contida no precedente informe.

**28(433).-SOLICITUDE DE DISTRIBUCIONES SEPORT S.L. DE TRANSMISIÓN DA CONCESIÓN DO RESTAURANTE-CAFETERÍA DO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 17234/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 14.04.05, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.- Mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral deste concello con data 08.03.2005 DISTRIBUCIONES SEPORT S.L., solicita autorización para transmisión da concesión do Restaurante-Cafetería do VERBUM-CASA DAS PALABRAS da que é titular a favor da SOCIEDADE CASA DE LAS PALABRAS S.L., que subrogaríase en todos os dereitos e obrigacións que fronte a este concello lle corresponde á solicitante.*

*SEGUNDO.- Con data 11.06.2003 asinouse polo concello coa mercantil DISTRIBUCIONES SEAPORT SL contrato para a prestación do servizo de Cafetería-Restaurante do VERBUM-CASA DAS PALABRAS co arranxo o prego de cláusulas administrativas aprobadas polo pleno municipal en sesión do 24.02.2003, e por un prazo de doce anos a contar a partir do 01.06.2003.*

*FUNDAMENTOS XURIDICOS*

*UNICO:*

*A cesión dos dereitos e obrigas dimanantes do contrato administrativo que ten asinado esta administración coa mercantil solicitante, rixese polo disposto no prego de condicións que serviu de base para a adxudicación do*



*contrato e o rexime xeral previsto para os contratos da normativa reguladora do contratación das administracións públicas.*

*Neste orde o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas dispoñe e regula no seu artigo 114 as condicións e requisitos que permiten a transmisión dos contratos a favor de terceiros, establecendose na letra b do seu apartado Segundo en concreto que o cedente do contrato debera ter executado ó menos o 20% do importe do contrato, ou realizado a explotación durante un prazo de unha quinta parte do tempo de duración do mesmo se este foxe de xestión de servizos públicos.*

*No presente caso, atendendo o tempo transcorrido do contrato e o prazo polo que foi concertado non transcurriu o mínimo requerido para que poda ser obxecto de cesión, resultando por conseguinte esta inviable nas actuais condicións.*

*Polo anteriormente exposto proponse a Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:*

*“Denegar a DISTRIBUCIONS SEPORT SL a autorización para a cesión do contrato de prestación de servizo da Cafetería-Restaurante VERBUM-CASA DAS PALABRAS concertado con esta administración con data 11.06.2003, o non concorrir as condicións legais requeridas para o seu outorgamento”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **29(434).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do Xefe de Negociado do servizo de Patrimonio e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda devolver as fianzas que de seguido se especifican por haberse tido realizado as obras, servizos e subministrados de que se tratan, conformes coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

- a) A Juan Modesto Collazo Ruano a fianza por importe de 2.398,42 € constituída para responder da instalación de megafonía nas praias . Expte. 641/241.
- b) A Iris Computers S.L. a fianza por importe de 1.070,28 € constituída para responder das instalacións de redes e informática nas oficinas de Intervencións, obras recibidas mediante acta de decembro de 2004. Expte. 616/241.
- c) A Planitec S.L. a fianza por importe de 614,10 € constituída para responder da subministración de material de oficina. Expte. 692/241.
- d) A Juan Manuel Sáez Silva a fianza de 2.100,26 € constituída para responder da subministración de material de oficina. expte. 15278/240.
- e) A Necso Entrecanales Cubiertas S.A. a fianza por importe de 15.079,39 € constituída para responder das obras de remodelación do entorno do Castelo de San Sebastián, que foron recibidas mediante acta de 29.07.03. Expte. 2654/307.

#### **30(435).- RECLAMACIÓN DE DANOS:**

- a) ELENA NOVOA COSTAS. EXPTE. 13636/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 3.03.05, en relación coa reclamación de D<sup>a</sup>. Elena Novoa Costas de danos ocasionados por unha caída ao pisar unha baldosa rota na Avda. García Barbón; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 13.04.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 20.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de Dona Elena Novoa Costas por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

b) TERESA FILGUEIRAS VERDEAL. EXPTE. 16655/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 21.02.05, en relación coa reclamación de D<sup>a</sup>. Teresa Filgueiras Verdeal de danos ocasionados por unha caída ao pisar unha louseta que se atopaba desprazada na rúa Velázquez Moreno; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 4.04.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona Teresa Filgueiras Verdeal, e indemnizala polos danos sufridos na contía de 1333, 56 euros.

2º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

### **31(436).-DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO 2005. EXPTE.15715/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 21.04.05, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ao persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de cemiterios e rematan por don Jesús Castro Naveiras do Museo de Castrelos, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 73.406'23 € (SETENTA E TRES MIL CATROCENTOS SEIS EUROS CON VINTETRES CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de MARZO de 2005.

**32(437).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL –GRAN GALA-, PRESTADOS CON MOTIVO DA RECONQUISTA. EXPTE. 15719/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.04.05, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servicios especiais prestados con motivo da “Reconquista de Vigo”, aboarase ao persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por don Manuel Conde Vázquez e rematan por don Carlos Pérez Vázquez, por unha cantidade total de 873’76 € (OITOCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS).

**33(438).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE O MES DE MARZO 2005. EXPTE. 15721/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.04.05, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servicios especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servicio Cemiterios, aboaranse aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de MARZO-2005, e que ascenden a un total de 598’24 € (CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

**34(439).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE 12.04.05, RELATIVA Á REDUCCIÓN DE XORNADA DA DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL, Dª CRISTINA GÓMEZ GARCÍA. EXPTE. 15708/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de Da. Cristina Gómez García, con posto de Diplomada en Traballo Social adscrita ao Departamento de Muller, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 12.04.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a redución de xornada en unha hora solicitada por Dona Cristina Gómez García, número de persoal 78121, con posto de Diplomada en Traballo Social, adscrito ó Servicio de Muller, coa correspondente redución proporcional de retribucións, de conformidade co previsto no artigo 11. c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servicio do Concello de Vigo, co que pasará a realizar o seguinte horario de 8,45 a 15,00 horas polo coidado dun fillo menor de 6 anos.

A presente redución de xornada rematará no momento en que o menor cumpla a idade máxima legalmente prevista para o outorgamento do permiso ou así o solicite a interesada. A tales efectos a mesma deberá acreditar, con anterioridade ó seu inicio, a relación de garda legal que ostenta sobre a menor, mediante copia auténtica do libro de familia, certificación do rexistro civil, resolución xudicial ou calquera outro documento público que de fe de dita situación.

**35(440).- ASIGNACIÓN COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A CHOFERES ALCALDÍA E PERSOAL SUBALTERNO PAZO-MUSEO “QUIÑONES DE LEÓN”, CORRESPONDENTE AO SEGUNDO SEMESTRE 2004 E PRIMEIRO TRIMESTRE 2005. EXPTE. 15725/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.05, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 15.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar aos seguintes funcionarios as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvementos dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 1.070,72€.
- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 794,43€.
- D. Jesús Castro Naveiras, núm. persoal 17638, ordenanza do Museo Municipal “Quiñones de León”, 481,82€.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Loreto Romero Gil-Delgado, núm. persoal 78929, ordenanza do Museo Municipal “Quiñones de León”, 39,62€.

Dese traslado da presente resolución ós/a interesados/a, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

**36(441).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE NOVEMBRO 2004 E MARZO 2005. EXPTE. 15716/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 27.04.05, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 27.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes aos meses de NOVIEMBRE-2004 e MARZO-2005 (inclúe horas de setembro e outubro-2004), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIONES, que se aboará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servicios que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Francisco J. Abreu Torres e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 430 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achegan no expediente e que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Manuel Valado Gómez, por un total de 411'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Iván Abalde Casanova e rematan por don Manuel Vieitez Vieitez, por un total de 2.302'15 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 815'755 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega no expediente e comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don Bernardo Rodríguez Lestón, por un total de 150'00 horas.
- Vías e Obras, relacións que se achegan no expediente e que comencian por José Angel Agra Abalde e remata por José Manuel Martínez González, por un total de 890'00 horas.
- Conserxería, relación que se achega no expediente de Francisco Martínez Muñoz, por un total de 63'00 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Eugenio Matilde Viñas e remata por don Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 259'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por don Ricardo González Arzua e remata por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 224'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 93'00 horas.
- Relacións Públicas, relación que se achega no expediente de Jesús Castro Naveiras, por un total de 11'00 horas.

- Electromecánicos, relación que se achega no expediente e que comeza por don Angel Posada Oitaben e remata por don Alfonso Solla Vaqueiro, por un total de 34'00 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 40.011'70 € (COARENTA MIL ONCE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS).

**37(442).- DAR CONTA DA ANULACIÓN DE PROVIDENCIAS DE CONSTRINXIMENTOS SOBRE LIQUIDACIÓNS POR ACOMETIDA DE SANEAMENTO DO ANO 2002. EXPTE 2983/700.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do tesoureiro municipal, do 11.04.05, que di o seguinte:

*En sesión ordinaria de data 21 de xaneiro de 2002, na Comisión de Goberno, acordouse a seguinte resolución:*

*"Interesar da Tesoureria deste Concello que, tras as comprobacións e informes que estime oportuno recadar, dicte providencia de constrinximento que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria segundo consta na certificación de descuberto emitida con data 08/1/2002, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento establecido no artigo 130 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (Decreto de 17 de xuño de 1955) e o que con carácter xeral se deriva do Regulamento Xeral de Recadación"*

*En data 08/04/2005 e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente (Real Decreto 1174/87 do 18 de setembro, B.O.E. 29/09/1987), o Sr. Tesoureiro acordou a anulación da providencia de apremio dictada no seu día sobre as liquidacións que se detallan ó seguir, así como a notificación deste acto de declaración de nulidade ós interesados, en virtude do/s escrito/s presentado/s en datas 22/02/2005 (nº doc: 50018124), 25/02/2005 (docs. nºs: 50019823, 50019824 e 50019835), 02/03/2005 (doc. nº: 50021590), 10/03/2005 (doc. nº: 50024836) e 29/03/2005 (doc. nº: 50032366), pola Concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo (AQUALIA) do que se achega copia.*

*No citado escrito, solicitábase a anulación dos recibos relacionados pola concesionaria, unha vez acordada a estimación das reclamacións interpostas contra as liquidacións xiradas no seu día, segundo o establecido no Anexo G-60 da Ordenanza Fiscal do Concello de Vigo sobre a TAXA DE ENGANCHE AS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA.*

*Xa que ten desaparecido a débeda que orixinou no seu día a iniciación do procedemento de apremio, dase traslado á Comisión de Goberno para su coñecemento.*

**DETALLE DAS LIQUIDACIÓNS:**

NOME	CONCEPTO	Nº RECIBO	Nº FIXO	PRINCIPAL
RODRIGUEZ SILVEIRA ANTONIO	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900279	204717	1220,05 €
POSADA RIVEIRO JOSE	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900286	201748	1220,05 €
PINTOS DURAN MANUEL	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900171	202035	1200,05 €

FERNANDEZ ALONSO IRENE	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900214	202735	1220,05 €
FERNANDEZ ALONSO HERMOSINDA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900332	205727	784,32 €
CORREA ALONSO DORINDA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900333	205748	784,32 €
GONZALEZ FERNANDEZ NATALIA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900085	205851	1220,05 €
PAZ LONGUEIRA ANTONIO	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900304	202303	1220,05 €

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada..

**38(443).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS TURÍSTICOS. EXPTE. 1631/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.04.05, e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio que de seguido se transcribe segundo o que a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, se compromete a aportar ao Concello de Vigo a contía de 1.000.000 de euros, en tres anualidades, 300.000 euros para o ano 2005, 350.000 euros para o ano 2006 e 350.000 para o ano 2007, para a realización de obras de mellora de infraestructuras e servizos turísticos da cidade de Vigo.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA OBRAS DE MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS E SERVICIOS TURISTICOS DA CIDADE.*

*En Santiago de Compostela, \*\* de \*\* de 2005*

**REUNIDOS**

*Por unha banda a Xunta de Galicia, actuando no nome e representación da mesma, o Excmo. Sr. Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, D. Jesús Pérez Varela, nomeado polo Decreto 308/2001, do 15 de decembro, e ó abeiro das facultades que para vincularse neste acto ten conferidas na Lei 1/1983, da Xunta de Galicia e do seu Presidente, e no artigo 2º da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.*

*Pola outra,*

*O Excmo. Concello de Vigo (Pontevedra), actuando no seu nome e representación e no exercicio do seu cargo, a súa Ilma. Alcaldesa, Dª Corina Porro Martínez, ó abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, do 2 de abril, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,*

**EXPOÑEN**

*PRIMEIRO.- Que a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ten como finalidade esencial da súa actividade a potenciación do turismo en Galicia ó través de calquera acción que lle permita acadar os seus obxectivos.*

*SEGUNDO.- Que o concello de Vigo, atendendo ó fomento e promoción dos seus recursos turísticos, apreciou a oportunidade de levar a cabo a execución dun ambicioso proxecto consistente en adquisición de dous quioscos e rehabilitación dun edificio para destinalos a oficinas de turismo, recuperación da rúa de ostras e entornos, sinalización orientativa e interpretativa da cidade e posta en valor do patrimonio a través do proxecto ilumina, có que tenta contribuir ó definitivo despegue da cidade como destino turístico así como a transformar os seus elementos paisaxísticos e urbanísticos mellorando as infraestructuras e servicios turísticos do Concello.*

*TERCEIRO.- Que a Xunta de Galicia, en xeral, e a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a través da súa Dirección Xeral de Turismo, en particular, é especialmente receptiva para todo o que signifique potenciación do turismo galego.*

*A tal fin as partes asinan o presente Convenio segundo as seguintes*

#### **CLÁUSULAS**

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente Convenio é regular as bases de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, e o concello de Vigo para o financiamento do proxecto consistente en: adquisición de dous quioscos e rehabilitación dun edificio para destinalos a oficinas de turismo, recuperación da rúa de ostras e entornos, sinalización orientativa e interpretativa da cidade e posta en valor do patrimonio a través do proxecto ilumina.*

*SEGUNDA.- Para a execución do presente convenio, a aportación da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo será de un millón de euros (1.000.000 euros), con cargo á aplicación 10.05.651-A 760.0. sendo posible, neste convenio, a concurrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade. A aportación da Xunta de Galicia a dita cofinanciación determínase conforme as anualidades e cantidades seguintes:*

<i>ANO</i>	<i>INVESTIMENTO</i>	<i>CONTRIBUCIÓN XUNTA-C.CULTURA</i>
<i>2005</i>	<i>300.000,00 €</i>	<i>300.000,00 €</i>
<i>2006</i>	<i>350.000,00 €</i>	<i>350.000,00 €</i>
<i>2007</i>	<i>350.000,00 €</i>	<i>350.000,00 €</i>
<i>TOTAL</i>	<i>1.000.000,00 €</i>	<i>1.000.000,00 €</i>

*A aportación da Xunta de Galicia estará condicionada ó cumprimento por parte do concello de Vigo do establecido no artigo 78.4 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia, aprobado mediante o Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, sendo necesario, en todo caso, para o seu libramento, que se acredite o remate dos investimentos obxecto do presente convenio e o Concello de Vigo achegue á Dirección Xeral de Turismo a seguinte documentación:*



\* *Certificación do Secretario Xeral da Corporación onde se transcriba o acordo tomado polo órgano competente da Corporación Local aprobando as facturas correspondentes á execución do obxecto deste convenio, cos seus importes.*

\* *Acta de recepción.*

- *Declaración de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste Convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*

*De non xustificarse o total do presuposto de execución do Convenio por causa imputable ó Concello de Vigo, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, minorará a súa aportación proporcionalmente e conforme o dictame que neste senso emita a Comisión de seguimento.*

*A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do Convenio.*

*TERCEIRA.- O Concello de Vigo comprométese neste Convenio a:*

- *Adquisición de dous quioscos e rehabilitación dun edificio para destinalos a oficinas de turismo, recuperación da rúa das ostras e as súas inmediacións, decoración urbana de entornos turísticos, sinalización orientativa e interpretativa da cidade e posta en valor do patrimonio a través do proxecto ilumina,segundo a normativa vixente reguladora dos Contratos das Administracións Públicas.*
- *Executar, no prazo de vixencia do presente Convenio, os investimentos obxecto do mesmo.*

*CUARTA.- O prazo de vixencia do presente Convenio será desde o día da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2007.*

*QUINTA.- Coa finalidade de asegura-lo cumprimento do presente Convenio, créase unha Comisión integrada por dous representantes da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo: o/a Subdirector/a Xeral de Fomento e Cooperación da Dirección Xeral de Turismo, que será quen a presida, e o/a Xefe do Servicio de Inversións e Supervisión Técnico-Turística da Dirección Xeral de Turismo, e dous representantes do Concello de Vigo: a /o Concelleiro/a de Turismo e Comercio e un funcionario dos servizos económicos, que resolverán as dúbidas que xurdan sobre o cumprimento dos mesmos, sendo os acordos adoptados neste sentido inmediatamente executivos. Polas discrepancias non resoltas nesta poderase interpoñer-lo correspondente recurso de alzada, que será resolto previa audiencia da outra parte.*

*SEXTA.- As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio e non solventadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdicción contencioso administrativa.*

*SÉTIMA.- O presente Convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.*

*Lido polas partes, por se mesmas, e como proba de conformidade do expresado no presente Convenio, asínano e rubricano por cuadruplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.*

**39(444).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE CONSTRUCCIONES VIPOMAR S.L. CONSTITUÍDA POLA AUTORIZACIÓN DE CIRCULACIÓN ATA A RÚA DO PRINCIPE Nº 50 PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO. EXPTE. 44540/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta co enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 25.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 17 de outubro de 2002, solicitouse permiso de circulación a r/ Príncipe, 50 para construción edificio mantendo a fachada, con licencia de obra número 40993/421. Ca mesma data a Policía Local remite oficio con núm. de expediente 7300/2002 onde nos solicitan informe, previo a concesión da autorización. Informado con data 17-10-2002, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado condicionado, ó depósito dunha fianza de (30.000 €), Trinta mil euros, polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 200200048847 de data 23-10-2002.*

*Con data 16-02-2005 conxuntamente coa representante da Empresa Vipomar, señaláronse cinco puntos reflexados na reportase fotográfica que presentan anomalías e que deben subsarse.*

*Solicitada a devolución da fianza con data 11-04-2005 e número de documento 50048106, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 20-04-2005, comprobouse que foron subsanadas todas as deficiencias sinaladas no informe anterior.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (30.000 € – trinta mil euros), a favor de CONSTRUCCIONES VIPOMAR, S.L.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **40(445).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE AXARDINAMENTO NA RÚA ATALAIA (PARCELA MUNICIPAL A CARÓN DO INSTITUTO DO CASTRO). EXPTE. 3078/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o “Proxecto de acondicionamento da parcela municipal situada a carón do Intituto do Castro, entre as rúas Atalaia e José G Posada-Curros, visto o informe xurídico do 11.04.05, o prego de cláusulas administrativas para a contratación de ditas obras, de data 21.04.05, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 7.04.05, conformado polo asesor xurídico, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o “ Proxecto de Axardinamento na R. Atalaia ” redactado polo Xefe do Servico de Montes Parques e Xardíns.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato das obras do “ Proxecto de axardinamento na R. Atalaia” .

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do “Proxecto de Axardinamento na R. Atalaia ” .

4º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do “ Proxecto de Axardinamento na R. Atalaia” con cargo á partida 432.6.601.00.04 do presuposto do 2005 e por un importe máximo de 99.999,00 €

5º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**41(446).- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN TÉCNICA DO “PROXECTO DE SANEAMENTO NA ZONA DE BAIXADA A RÍOS. EXPTE. 42546/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 25.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*Por unha orde de servizo do Concelleiro Delegado da Área de Servizos Xerais de data 20 de outubro de 2004, solicitouse dos servizos técnicos de Aqualia, o estudio de alternativas á problemática do saneamento presentado na zona de Baixada a Ríos. Presentadas distintas alternativas, e previo informe do Xefe do Servizo de Vías e Obras en canto á idoneidade das alternativas presentadas, solicitouse á concesionaria a redacción do correspondente proxecto de execución.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adoptada.*

*O presuposto base de licitación das obras I.V.E. excluído ascende á cantidade de: 50.191,56 €. CINCUENTA MIL CENTO NOVENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ao cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:*

*Aprobar técnicaamente o proxecto “SANEAMENTO NA ZONA DE BAIXADA A RÍOS” cun presuposto base de licitación I.V.E. excluído de: : 50.191,56 €. CINCUENTA MIL CENTO NOVENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**42(447).-PROPOSTA PARA A APROBACIÓN TÉCNICA DO “PROXECTO DE ELIMINACIÓN DE PLUVIAIS NO BAO”. EXPTE. 43156/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 25.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*Solicitouse dos servizos técnicos de Aqualia, o estudio de alternativas á problemática da eliminación de augas pluviais no Bao nas que foron estudadas diferentes solucións, entendendo por parte do Xefe do Servizo de Vías e Obras, a que se recolle no presente proxecto.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adoptada.*

*O presuposto base de licitación das obras I.V.E. excluído ascende á cantidade de: 120.272,79 €. CIENTO VINTE MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ao cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:*

*Aprobar técnicaamente o proxecto “ELIMINACIÓN DE PLUVIAIS NO BAO” cun presuposto base de licitación I.V.E. excluído de: 120.272,79 €. CIENTO VINTE MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**43(448).-PROPOSTA PARA APROBACIÓN TÉCNICA DO “PROXECTO DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO ENTORNO COMPRENDIDO ENTRE AS RÚAS VELÁZQUEZ MORENO, RONDA DE D. BOSCO, JOAQUÍN LÓRIGA, ECUADOR, VÁZQUEZ VARELA, URZÁIZ, BAIXADA Á ESTACIÓN, ALFONSO XIII, GARCÍA BARBÓN, ISAAC PERAL, AREAL E PRAZA DE COMPOSTELA”. EXPTE. 58/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*Pretendéndose a eliminación de barreiras arquitectónicas de xeito ordeado a partires da zona entorno da Praza Compostela, obxecto dunha ampla remodelación, redáctase o presente proxecto ,no ámbito indicado*

no seu título, que é o susceptible de abarcarse coa partida presupostaria do servizo de Vías e Obras do exercicio 2005 destinado a tal fin.

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adoptada.*

*O presuposto base de licitación das obras , I.V.E. incluído, ascende á cantidade de: 150.101,21 €. CENTO CINCUENTA MIL CENTO UN EUROS CON VINTEÚN CÉNTIMOS.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ao cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:*

*Aprobar técnicaamente o proxecto “ APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO “ SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO ENTORNO COMPRENDIDO ENTRE AS RÚAS VELÁZQUEZ MORENO, RONDA DE D. BOSCO, JOAQUÍN LORIGA, ECUADOR, VÁZQUEZ VARELA, URZÁIZ, BAIXADA Á ESTACIÓN, ALFONSO XIII, GARCÍA BARBÓN, ISAAC PERAL, AREAL E PRAZA COMPOSTELA. cun presuposto base de licitación I.V.E. incluído de: 150.101,21 €. CENTO CINCUENTA MIL CENTO UN EUROS CON VINTEÚN CÉNTIMOS.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **44(449).- PROPOSTA PARA APROBACIÓN TÉCNICA DO “PROXECTO DE DEMOLICIÓN DA NAVE INDUSTRIAL EN BAIXADA RÍOS Nº 153 (ANTIGA FÁBRICA DE CONSERVAS GARAVILLA)”. EXPTE. 44501/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*As parcelas nas que se atopa ubicada á antiga fábrica de “Conservas Garavilla” foron adquiridas polo Concello de Vigo por acordo de compra-venta expropiación do Pleno Municipal na sesión de data 25/01/99, segundo consta na escritura pública da Notaria Dña. Palmira Delgado Martín co número do seu protocolo 690. O presente proxecto recolle as obras de demolición da antiga factoría preservando elementos que polo seu carácter arquitectónico enténdense deben ser conservados.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adoptada.*

*O presuposto base de licitación das obras , I.V.E. incluído, ascende á cantidade de: 34.177,85 €. TRINTA E CATRO MIL CENTO SETENTA E SETE EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ao cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:*

*Aprobar técnicaamente o proxecto " APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO " DEMOLICIÓN DE LA NAVE INDUSTRIAL BAIXADA A RÍOS Nº 153 (ANTIGUA FÁBRICA DE CONSERVAS GARAVILLA) " Cun presuposto base de licitación I.V.E. incluído de: : 34.177,85 €. TRINTA E CATRO MIL CENTO SETENTA E SETE EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **45(450).- PRÓRROGA POR UN ANO DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE APOIO A INICIATIVAS MUSICAIS DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. EXPTE. 972/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 11.04.05, conformado pola concelleira delegada de Xuventude e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prorrogar o contrato de prestación do servizo de Apoio a Iniciativas Musicais, subscrito con Xoma Iniciativas Sociais S.L (adxudicaco pola X.Goberno local de 30.03.04) polo periodo dun ano comprendido entre o mes de abril de 2005 e marzo de 2006, polo importe de 14.845,00€, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.10.

2º.- Revisar o IPC correspondente ao periodo comprendido entre a data de apertura de proposicións económicas (febreiro do 2004) e a data de revisión (marzo 2005), segundo o establece o apartado 3 do prego de cláusulas administrativas. Dito importe, establecido polo Instituto Nacional de Estatística é dun 4,1% ata o mes marzo de 2005, polo que o prezo do contrato dende abril 2005 ata marzo do 2006, ascende a 15.453,64 €.

#### **46(452).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA NOITES VIVAS. EXPTE. 1323/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.04.05 e de acordo co informe proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 20.03.05, conformado pola concelleira delegada e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobado a sinatura do convenio de colaboración que de seguido se transcribe entre a Asociación Veciñal Dr. Fleming e o Concello de Vigo, para o desenvolvemento do programa Noites Vivas, na sede de dita asociación, ata o mes de decembro do presente ano.

2º.- Aprobado o gasto de 7.200 € correspondente ó importe deste convenio, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.07.

3º.- Que se libre a cantidade de 3.600 € á Asociación Veciñal Dr. Fleming correspondentes ó 50% do importe total do convenio á sinatura do mesmo e 3.600 € correspondente ó 50% restante ó remate do mesmo previa certificación de que as actividades obxecto do mesmo foron realizadas.”

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA “NOITES VIVAS”.*

*Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2005*

#### REUNIDOS

*Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo ( C.I.F P-3605700-H ), con enderezo na Praza do Rei s/n.*

*Doutra parte, Dn.Fernando Domínguez Caride con D.N.I. 35.929.212 como presidente da ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, C.I.F G-.G-36.663.618*

*Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .*

#### EXPOÑEN

*O Concello de Vigo a través da concellería de Xuventude está a desenvolver o programa denominado Noites Vivas, alternativo ó consumo de ocio habitual centrado en bares e discotecas.*

*A posta en marcha de forma experimental durante o ano 1.999, cunha oferta de actividades novedosas, afianzou a posibilidade de apertura de centros públicos, como os pavillóns deportivos, durante determinadas horas da noite e madrugada.*

*Coa posta en marcha deste proxecto non se pretende modifica-los hábitos dos xoves, sinon buscar alternativas e novas opcións ó ocio, para alonxarse do aburrimiento e rutina, propoñendo para elo actividades culturais, recreativas e de ocio en centros alternativos.*

Seguindo os pasos de cidades como Gijón, pioneiras na implantación de programas deste tipo, consideramos necesario a colaboración do tecido asociativo en determinadas zonas da cidade como poden ser: , Casco Vello, Coia, zona Centro e zona situada nas inmediacións da Casa da Xuventude.

Así e no caso concreto da zona situada nas inmediacións da Casa da Xuventude que se corresponde coa zona de influencia da Asociación Veciñal Dr. Fleming , é esta asociación , a entidade coa que cotamos para colaborar no programa Noites Vivas.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL Dr. FLEMING no barrio, consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora en parte do desenvolvemento deste programa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa Noites Vivas, ata o mes de decembro do 2005.

B.- Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, reconece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera a citada asociación como entidade óptima para a súa colaboración na execución do Programa Municipal Noites Vivas, desenvolvendo actividades baixo a dirección e criterios da Concellería de Xuventude.

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude da zona de influencia e dita asociación.

#### CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa “Noites Vivas” na zona de influencia da Asociación Veciñal Dr. Fleming que se incorpora a este convenio como ANEXO I

2 .- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 7.200 € ,á ASOCIACIÓN DR. FLEMING ,con cargo á partida 4520.227.06.07, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400 EN DOUS PRAZOS: 50% á sinatura do presente convenio e 50% restante á finalización da actividade, previa certificación do cumprimento da mesma.

3.- A ASOCIACIÓN DR. FLEMING , deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación tanto dos participantes como do persoal que realizou as actividades, e a memoria económica da actividade .

O persoal técnico da Concellería de Xuventude xunto coa Asociación Dr. Fleming serán os encargados do seguimento da execución do convenio , sendo a Concellería de Xuventude a que certifique o seu cumprimento.

4.- A Asociación ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación exisida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o Concello.



5.- A asociación comprométese ó coidado e mantemento das instalacións, deixándolas no seu estado orixinal, sendo súa a responsabilidade derivada do mal uso das mesmas.

6.- A Asociación participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá unha duración ata o 31 de decembro do 2005.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

#### ANEXO I

As actividades a desenvolver dentro da programación de Noites Vivas no IES do Castro son as seguintes:

- Chaveiros de coiro
- Carteriras de coiro
- Carteiras de cómics
- Libretas ecolóxicas
- Colares ecolóxicos
- Bisutería de reciclaxe
- Bailes Tropicais
- Sevillanas
- Linguaxe de signos
- Pacganga nocturna
- Petenca
- Xogos de mesa
- Trenzas africanas
- Pendentes de fimo
- Tatuaxes de henna
- Danzas do mundo
- Tai Chi

Todas estas actividades serán desenvolvidas en horario de 22:00 a 1:00 os venres e sábados, tempo que deberán permanecer abertas ó público as instalacións da asociación, co obxecto de recibir ó público que desexe participar nas actividades programadas.

#### **47(453).-RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN PARA MELLORA E AMPLIACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. EXPTE. 156/413.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 11.04.05, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

No Plan xeral de ordenación urbana (aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993) preveíase a execución dunha obra de mellora e ensanche na rúa Severino Cobas, entre a rúa "Bagunda" e a zona do "Lagares". O ancho do vial previsto era de 16 metros.

O Concello asinou convenio coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia o 30.02.00, polo que se comprometía o órgano autonómico "ó financiamento, contratación, execución e dirección" de obras de apertura e ampliación de viario nos barrios periféricos de Vigo, entre o que se atopa o ensanche e mellora da rúa Severino Cobas. A administración local comprometíase a poñer da disposición da CPTOPV os terreos necesarios para a normal realización das obras a executar.

Por acordo de 6 de xuño de 2.003, o Pleno do Concello, adoptou o acordo de aprobación definitiva da declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados polo ensanche e mellora da rúa Severino Cobas, resolvendo expresamente as alegacións presentadas polos interesados.

O 22 de agosto de 2.004, a asociación veciñal de "Lavadores" presentou escrito na que se fixo constancia da existencia dunha fonte denominada "Merla" e un camiño público que se estimaba que se estaba a ocupar indebidamente por un veciño.

O 29 de xullo de 2.004, a Asociación de veciños de "Lavadores", presenta denuncia urbanística pola realización de obras de construción de muro de peche, realizado por don Julio González Fernández no lugar de "fonte da Merla".

O 18 de novembro de 2.004, don Emilio Pazos González, presidente da Asociación de Veciños de "Lavadores", presenta escrito no que se poñe de manifesto que na finca numerada no proxecto de expropiación como E004, constando que a titularidade corresponde a don Julio González Fernández, é de titularidade municipal en base aos seguintes argumentos que se reproducen: "...1. En el antiguo camino de la Bagunda (actual rúa Bagunda) había una fuente denominada <<Merla>>, la cual estaba situada a la altura del cruce con la actual rúa de Severino Cobas. Dicha fuente consta en el inventario municipal del Ayuntamiento de Vigo como fuente número 259, con la denominación <<Bagunda-Lavadores>>. 2. En su día cuando se realizaron las obras de acondicionamiento de la rúa Bagunda dicha fuente se desplazó dos metros de su localización originaria, ubicándose donde se encuentra en la actualidad. El terreno en el que se situó su nuevo emplazamiento era ya de titularidad municipal, siendo también propiedad del Ayuntamiento de Vigo el terreno por el que discurre un paso con escaleras que se habilitó para que los vecinos de la parroquia de la parroquia pudiesen acceder a dicha fuente, constituyendo el paso peatonal desde la rúa Bagunda (situada a un nivel superior) a la rúa Severino Cobas. Dicho paso rodea por dos de sus frentes la vivienda propiedad de don Julio González Fernández, pero en ningún caso el terreno es de su propiedad...". Xa que logo, a asociación de veciños, solicita a defensa do patrimonio municipal.

Consta no expediente, informe-proposta asinada polo avogado da Oficina de actuacións viarias do Concello de Vigo, no que se porpoñe a estimación do recurso presentado por don Emilio Pazos González contra o acordo de aprobación definitiva do proxecto de expropiación da rúa Severino Cobas. No mesmo, se propoñe o seguinte: "...procede abrir un incidente de titularidade en relación á devandita parcela, ós efectos de esclarecer a cuestión relativa á propiedade. No suposto de que non se poidera determinar quen é o titular da parcela, ésta declarárase como litixiosa, procedendo de conformidade co disposto no artigo 50.1 da Lei de expropiación forzosa...".

Solicitado informe á oficina de patrimonio do Concello, o 21.04.05 o arquitecto municipal da mencionada unidade, informa que as fincas E002, E006, E010 non figuran grafiadas como públicas no inventario municipal de vías, bens e dereitos, aprobado por acordo plenario de data 4.5.93.

## DISPOSICIÓN LEGAIS APLICABLES

1. Constitución española (artigos 33, 148.1.3º, 149.1.18º etc...).
2. Lei de expropiación forzosa (Lei de 16 de decembro de 1.954), Regulamento de expropiación forzosa (D. de 26 de abril de 1957).
3. Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.
4. Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
5. Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS E XURÍDICOS

1. Condición de interesada da "Asociación de veciños de Lavadores" para a interposición de recurso de reposición contra o acordo do Pleno do Concello de Vigo de aprobación definitiva do proxecto de expropiación da rúa "Severino Cobas".- A Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común, outorga a condición de interesado ás asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais titulares de intereses lexítimos colectivos. Parece evidente que na procura da defensa do patrimonio municipal e por extensión de todos os veciños, a asociación ten un interese lexítimo colectivo no mantemento do uso público dun camiño.
2. Admisión do recurso de reposición interposto por don Emilio Pazos González, en representación da asociación de veciños de "Lavadores".- O recurso de reposición se presenta o 18 de novembro de 2.004 contra o acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización do Pleno de data 6 de xuño de 2.003. O prazo de interposición de recurso de reposición contra o acordo de aprobación definitiva aludido era dun mes. Os actos de carácter recepticio, como o presente, o inicio do prazo de interposición do pertinente recurso administrativo é dun mes dende a notificación ou no último caso dende a publicación do acordo nos publicacións oficiais (BOP-8.09.03; DOGA-18.9.03, taboleiro de anuncios). Enténdese que o prazo para a interposición de recurso de reposición contra o acordo de aprobación definitiva transcorreu, e polo tanto, non procede a alusión o artigo 58.3 da Lei 30/92, contida no recurso interposto pola "Asociación de veciños de Lavadores". A previsión contida na lei de procedemento administrativo común é unicamente de aplicación as denominadas notificacións defectuosas. No presente caso, a asociación de veciños poido ter coñecemento xeral do acordo aprobatorio do proxecto de expropiación por medio das diferentes publicacións realizadas. Estas perderían a total virtualidade e finalidade, no caso de que se admitise recursos de reposición interposto case un ano despois dende a última publicación realizada.
3. Obriga do Concello de defensa e exercicio das accións para a defensa de bens e dereitos.- A Administración está obrigada á defensa dos seus bens e dereitos, tal e como se establece no artigo 68.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local. O mesmo artigo, regula a denominada como acción do veciño, natureza á que se lle podería dar ó escrito da "asociación de veciños de Lavadores". Por outra parte, o RD 1.372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións locais, estima que as Entidades locais teñen plena capacidade xurídica para a defensa do seu patrimonio.
4. Procedencia do inicio dun expediente de esclarecemento da verdadeira titularidade da finca numero E004, contida no proxecto de expropiación da Rúa Severino Cobas.- O feito de que nun primeiro momento se estimara a don Julio González Fernández como titular dun dereito de propiedade sobre a finca numerada como E004 no proxecto de expropiación da Rúa Severino Cobas, non significa que o Concello deba recoñecer que carece de dereito sobre a parcela. En efecto, a aprobación definitiva de proxecto de

*expropiación non ten carácter constitutivo e é susceptible de ser rectificadado pola Administración, cando teña a constancia de que non existe unha equivalencia entre a realidade e o contido daquel e con maior fundamento cando teña os máis mínimos indicios de que se trata dunha porción de terreo de titularidade municipal. Pola oficina de patrimonio do Concello se debería analizar a procedencia da iniciación dun expediente de investigación da titularidade da parcela E004 (e incluso dada a estrutura da propiedade, facer extensible o obxecto do mesmo ás parcelas E006, E008, E010) e que segundo a "Asociación de Veciños de Lavadores" ten un uso público, e polo tanto pertencería o dominio público municipal, aínda que non figure referencia algunha no inventario.*

5. *Consecuencias de que a parcela E002 teña o carácter de ben de dominio público.- Se tra-la conclusión do aludido expediente se chega á conclusión de que a parcela E004 ten a condición de ben de dominio público, en base o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/92, deberíase rectificar tal extremo do acordo de aprobación definitiva do proxecto de expropiación. O citado acordo non fundamenta a constitución dun dereito de propiedade ou doutra natureza a un interesado, polo tanto non procede acudir ó procedemento previsto nos artigos 102 e 103 da Lei 30/92 para a revisión de actos administrativos favorables para os interesados.*
6. *Órgano competente para resolver o presente expediente.- Tra-la introducción do Título X na Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, e en concreto o artigo 127 onde se relacionan as atribucións da Xunta de goberno local, a competencia para a aprobación de instrumentos de xestión urbanística, corresponde o citado órgano colexiado. Non obstante, o recurso de reposición é interposto contra o acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización realizado na sesión plenaria de 6 de xuño de 2.003. Tendo en conta que o artigo 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común, esixe que para o plantexamento dun recurso de reposición deberá ser interposto perante o mesmo órgano que houbera dictado o acto, enténdese que a competencia para a resolución do recurso de reposición interposto por don Emilio Pazos González (e.r. da "Asociación de veciños de Lavadores") corresponde ó Pleno.*

## CONCLUSIÓN

*Tendo en conta os antecedentes e fundamentos xurídicos contidas con anterioridade proponse ó órgano competente a adopción do seguinte acordo:*

1. *Inadmitir o recurso de reposición interposto por don Emilio Pazos González, en representación da "Asociación de veciños de Lavadores" ó acordo plenario de 6 de xuño de 2.003 polo que se aprobaba definitivamente o proxecto de expropiación da "Rúa Severino Cobas", por ser presentado fora do prazo legalmente previsto para a súa interposición.*
2. *Que pola oficina de patrimonio do Concello, se proceda á apertura dun procedemento de averiguación da titularidade pública ou privada das finca E004, contida no proxecto de expropiación redactado pola Oficina de actuacións viarias do Concello de Vigo.*
3. *Comunicar ao interesado que contra o presente acordo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.*
4. *Someter o presente asunto a previo ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**48(454).- PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA U.A. 1 TOMADA EXPTE. 4503/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 22.03.05, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

O Plan xeral de ordenación urbana vixente no Concello de Vigo (aprobado o 29 de abril de 1993, DOGA de 10 de maio) prevía un polígono a desenvolver polo sistema de compensación e ordenar por medio dun estudio de detalle aprobado este o 29 de abril de 2.002.

Constituída a xunta de compensación da UA 1 "Tomada", o 29 de decembro de 2.003 aprobou inicialmente o proxecto de compensación. Dita aprobación foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 21 de maio de 2.004. Con posterioridade, no seno da citada entidade urbanística (6 de xullo de 2.004) se acorda unha nova aprobación do proxecto de compensación. O citado acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 3 de novembro de 2.004.

Consta informe do arquitecto técnico municipal da oficina de planeamento e xestión, no que se delimitaba o obxecto do proxecto de compensación do seguinte xeito: "..é obxecto do proxecto de compensación, a xestión e execución da urbanización do ámbito, así como a adxudicación dos aproveitamentos derivados do planeamento e o reparto de beneficios e cargas do mesmo...". No citado informe se realizan diversas suxestións ó proxecto de compensación presentado.

En base o informe do técnico de admón. xeral, se procede á apertura dun trámite de audiencia ós interesados. O 11 de marzo de 2005, don Juan Tomás Álvarez Rial, presenta alegacións en representación da Junta de Compensación "UA-1Tomada"

#### DISPOSICIÓN LEGAIS APLICABLES

1. Constitución española (artigos 33, 43, 44, 45, 148.1.3, 149.1.18 etc...).
2. Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.
3. Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
4. Real decreto 3.288/78, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística
5. Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS E XURÍDICOS

1. Improcedencia de aprobación dun proxecto de compensación con determinacións contrarias a ordenación aprobada.- No informe emitido polo arquitecto técnico municipal, don Julio Fernández Cermeño, pónese de manifesto o seguinte: "...os planos que figuran no proxecto de compensación modifican ou alteran tanto o trazado de viais, como aliñacións ou zonas verdes previstas do estudio de detalle aprobada...". O proxecto de compensación é definido como instrumento necesario para facer efectivo o principio de xusto reparto de beneficios e cargas derivados do planeamento urbanístico. En ningún caso, a Lei 9/02 -e demais normativa de aplicación supletoria- faculta ao proxecto de compensación para alterara-la ordenación prevista no planeamento xeral o de desenvolvemento. En conclusión, tal e como se pñe de manifesto no informe técnico, non pode ser obxecto de aprobación o proxecto de compensación cando contradiga o disposto na ordenación, e no presente caso cando se altera o trazado das vías, as aliñacións ou mesmo as zonas verdes do estudio de detalle aprobado. A incoherencia do proxecto de compensación e o estudio de detalle non é contradita polo único alegante.
2. Contradicción da proposta realizada coa aprobación inicial do Plan xeral de ordenación municipal.- Según se dispoñe no informe técnico, o instrumento de planeamento xeral aprobado inicialmente en decembro de 2.004, non respecta a ordenación prevista no estudio de detalle aprobado en abril do ano 2.002. Entre

outras cuestións, delimitase un ámbito de execución máis amplo, existindo unha clara contradicción en aspectos tales como o aproveitamento, necesidade de previsión dun determinado porcentaxe de vivenda protexida ou mesmo a tipoloxía edificatoria. Por todo elo, aínda cando se subsane o proxecto de compensación no aludido no punto 1º do presente informe, resulta certamente inviable continuar coa tramitación dun instrumento de xestión urbanística que contradiga o disposto no planeamento xeral aprobado inicialmente. Segundo o artigo 77.2 da Lei 9/02, de 31 de decembro, pola que se aproba a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento determinará a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias naqueles ámbitos do territorio, naquel caso que supoña unha modificación da ordenación urbanística vixente. A ordenación do uso dos terreos e construcións establecida no planeamento non conferirá dereito ós propietarios a esixir indemnización, salvo os supostos previstos no Título V da Lei 6/98, de 13 de abril, polo que se aproba a Lei do réxime do solo e valoracións. A Sentencia do Tribunal Supremo de 28.02.89, alude o presente tema fundamentando o seguinte: "...el principio de vigencia indefinida de los planes de ordenación urbana no pueden entenderse en un sentido estático, de perpetuación de la ordenación, sino como garantía de su estabilidad y permanencia. Esta postura no impide que la Administración ejercite sus facultades de revisión y modificación, cuando nuevos criterios o nuevas necesidades hagan necesaria o adecuada la actualización del planeamiento vigente en un momento determinado...no existe vinculación del plan actual a las determinaciones del anterior, ni en consecuencia, su alteración implica desconocimiento de derecho adquirido alguno salvo la concurrencia de un supuesto indemnizatorio (STS 28.01.00)...el hecho de que los terrenos estuviesen ordenados mediante plan parcial no representa obstáculo para la actuación del <ius variandi> que la Administración ostenta en materia de planeamiento y que se extiende también a aquellos que estén en curso de ejecución (STS 28.01.00). A alteración da ordenación ten un sólido fundamento na potestade regulamentaria (STS 24.11.81, RJ 5299). A lexitimación do ius variandi é utilizada como un medio de adecuación da normativa do solo ás necesidades e conveniencias de futuro. A opción territorial ou urbanística do planeamento anterior non vincula á Administración. A facultade innovadora se estende tanto en orden á clasificación como á calificación do solo integrado no territorio que se vai a ordenar (STS 21.1.97, RJ 1865). Non hai determinación algunha que, en caso de revisión do plan teña carácter de inmodificable (STJ La Rioja 21.7.00, RJ 1610). Incluso a facultade de revisión pode afectar a dereitos adquiridos polos propietarios, sen que limite o principio de seguridade xurídica (STS 2.11.82, RJ 7079), sen prexuízo da concurrencia dun suposto indemnizatorio.

3. *Improcedencia da proposta de monetarización do aproveitamento correspondente ó Concello.- Con respecto á solicitude de monetarización do aproveitamento correspondente ó Concello (reflexada no proxecto de compensación nas parcelas número 5, 6, 26 e 29, tense que reproducir o contido do informe técnico. En efecto, a modificación da Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, realizada pola Lei 15/04, da nova redacción o contido do artigo 177 que prevía a posibilidade proposta pola Xunta de compensación. Todo acto de disposición dos bens integrantes no patrimonio municipal do solo deberá realizarse por medio do correspondente procedemento licitatorio e por prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico. Excepcionalmente, cando o concurso quede deserto, poderase allear directamente dentro do prazo máximo dun ano, con certas limitacións. Polo tanto, no caso de que o proxecto de compensación fora viable técnica e xurídicamente, os bens obxecto de cesión obrigatoria e que se pretenda o seu alleamento, deberá realizarse por medio do correspondente procedemento licitatorio.*
4. *Petición de achegamento de informe do equipo redactor do Plan Xeral de Ordenación Municipal.- O alegante fundamenta a petición de informe por considerar que concorre un erro no documento aprobado inicialmente polo Pleno do Concello o 30.12.04. Enténdese que a emisión de informe polo equipo redactor, non cambiaría o sentido do presente informe, polo tanto, emprázase ós interesados para que fagan valer os seus dereitos no trámite de información pública mediante a correspondente alegación.*
5. *Órgano competente para a resolución do presente expediente.- Xunta de Goberno Local (127.1.d Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), previa deliberación do Consello da Xerencia municipal de urbanismo.*

## CONCLUSIÓN

*Á vista dos fundamentos contidos no informe técnico, as alegacións presentadas no trámite de audiencia, proponse ó órgano competente a adopción do seguinte acordo:*

1.- *A desestimación da aprobación do proxecto de compensación da Xunta de Compensación UA 1- "Tomada", por existir unha incompatibilidade evidente entre o texto presentado e o planeamento actualmente en vigor, sen prexuízo de que a ordenación da zona está afectada pola suspensión de licenzas por ser contraria o documento aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo o 30.12.04.*

2.- *Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **49(455).-RECEPCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.E. REFREY. EXPTE. 4076/401**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo, do 7.04.05, que di o seguinte:

*Á vista do expediente referenciado, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes*

#### **FEITOS:**

1) *O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 27 de xaneiro de 1998, acordou aprobar definitivamente a modificación puntual do PXOU e do PERI de Bouzas nos terreos propiedade da Sociedade Anónima Laboral, Industrial Paulino Freire, conforme á documentación refundida introducindo as determinacións de carácter urbanístico observadas polo Sr. delegado provincial da CPTOPV da Xunta de Galicia no seu informe de Ardá Criado, visado polo COAG o día 16 de decembro de 1997, procedendo á publicación e comunicación do presente acordo, conforme dispón o artigo 48 da Lei 1/1997 de 24 de marzo, do solo de Galicia.*

2) *O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 3 de agosto de 1998, acordou aprobar o proxecto de compensación de propietario único da unidade de execución "Refrey", achegado con data de 24 de xuño de 1998 e protocolizado perante o notario don Mariano Vaqueiro Rumbao en data de 4 de setembro de 1.998 e co número 1995 do seu protocolo.*

3) *O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 21 de agosto de 1.998, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización dos terreos de "Refrey" (Expte. 4076/401).*

4) *O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobou as recepcións parciais das 1ª, 2ª e 3ª fases das obras de urbanización da unidade de execución "Refrey" en datas de 13 de decembro de 2001, 4 de xullo e 28 de novembro de 2.002 respectivamente.*

5) *A Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria de 3 de maio de 2.004, acordou a recepción parcial da 4ª fase das obras de urbanización da devandita unidade de execución.*

6) Con rexistro de entrada de data de 17 de decembro de 2.004 e número de documento 40128206, don JUAN-MANUEL PÉREZ PAMIES, en representación de "LA BOUZA SUR, S.L.", expón que na actualidade xa se finalizaron a totalidade das obras de urbanización para solicitar a súa recepción definitiva.

7) Constan no expediente as fotocopias das escrituras públicas outorgadas ante o notario do Ilustre Colexio da Coruña, don JOSÉ-PEDRO RIOL LÓPEZ, cos números de protocolo 1658 de 30/5/01, 2725 de 4/9/01, de data de 2/10/01 e número de protocolo 484 de 14/2/04, nas que se inclúe a constitución das Comunidades de Propietarios como Entidades Colaboradoras de Conservación.

8) Polo coordinador da área de servizos xerais remítese o expediente a esta oficina acompañado dos informes favorables de:

Gas Galicia con data de 21/1/05,  
Montes, parques e xardíns de 25/1/05,  
Telefónica de 4/2/05,  
Vías e obras de 7/2/05,  
R, Cable e Telecomunicacións Galicia, S.A., de 22/2/05,  
Unión Fenosa de 7/3/05,  
Electromecánicos 23/3/05 e  
Aqualia 30/3/05;

co obxecto de propoñer a recepción da urbanización tanto ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo como á Xunta de Goberno local. Indicando que se de traslado do acordo aos seguintes servizos municipais: Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Licencia de Obras e ás empresas: Aqualia, Telefónica, Unión Fenosa, R Cable e Telecomunicación Galicia e Gas Galicia.

9) Polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo infórmase con data de 1 de abril de 2.005 que:

"Con data de 28 de agosto de 1998, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobou definitivamente o Proxecto de Urbanización dos terreos da fábrica de Refrey, que respondía á modificación puntual do PERI II-09 de Bouzas.

Desde o inicio das obras correspondentes ó mencionado Proxecto, e co obxecto de ir concedendo as necesarias licencias de primeira ocupación, realizáronse distintas recepcións parciais que se citan no escrito presentado pola BOUZA SUR, S.L. en data de 17 de decembro de 2004, no que solicita a recepción total das mencionadas obras.

Obran no expediente os informes sectoriais favorables, e os compromisos de conservación escriturados, derivados do planeamento vixente, ó cal se adaptan as obras cuxa recepción se solicita. Achéganse planos visados con data 25 de febreiro de 2.005, que reflicten os axustes materiais levados a cabo no transcurso das obras e que non supoñen ningunha modificación sustancial.

Procede, polo tanto, a recepción nas condicións que lle son de aplicación, salvo superior criterio."

Ós anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I. De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo Concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".



II. O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC). En aplicación do disposto nas normas citadas e consonte ós informes favorables obrantes no expediente e antes citados procede a recepción das obras realizadas en execución do Proxecto de Urbanización dos terreos da fábrica de "REFREY" que quedaban pendentes despois das recepcións parciais das fases 1ª, 2ª, 3ª e 4ª arriba expostas, por canto se trata dun acto regrado.

III. En canto á recepción parcial das obras de urbanización, esta procede en aplicación dos artigos 147.5 do TRLCAP, segundo o cal poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ó uso público, segundo o establecido no contrato; e en aplicación do artigo 180.2 do Regulamento de Xestión, aprobado por Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, por canto establece que a cesión poderá referirse a unha parte do polígono ou unidade de actuación aínda cando non se contemplase a urbanización dese ámbito territorial, sempre que a área xa urbanizada constituía unha unidade funcional directamente utilizable e se producise respecto da mesma a recepción definitiva por parte da xunta de compensación.

IV. Rexerán, asemade, os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e os demais preceptos que resulten de aplicación.

V. O deber de constituir a entidade de conservación das zonas verdes e espazos libres desta urbanización resulta da aplicación dos artigos 25, 67 e 68 do Regulamento de Xestión, aprobado por Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, por canto a obriga resulta do apartado 3.2.3.5.b) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993, agás para as zonas verdes e libres que teñan a consideración de sistemas xerais. Deber que se recolle nas escrituras públicas antes citadas relativas ós bloques A, B, C e D.

VII. É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a recepción parcial da última fase correspondentes ás obras que quedaban pendentes por realizar en execución do Proxecto de Urbanización da unidade de execución REFREY.

Segundo: Recordar ó departamento municipal de Licencias de obras que recolla nos acordos que se adopten sobre licencias de obra, primeira ocupación e utilización a obriga de conservación das zonas verdes e espazos libres cedidos a esta Administración.

Terceiro: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

Cuarto: Darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licencias de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura; á concesionaria AQUALIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A., e ás empresas: Telefónica, Unión Fenosa, R Cable e Telecomunicación Galicia e Gas Galicia

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **50(456).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL DO CASCO VELLO DE AUTORIZACIÓN A CELEBRACIÓN DA FESTA DOS MAIOS, O DÍA 8.05.05 NA PRAZA DA CONSTITUCIÓN. EXPTE. 70933/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 26.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DOS MAIOS, o 8 de maio 2005 na praza da Constitución, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.506,05 €.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa dos Maios.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado: 2:30 horas
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

### **51(457).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A SECRETARIA-CONCELLEIRA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Lucía Molares Pérez.